



GUÍA DE RECURSOS SOCIAIS

ASEM GALICIA 2008



Asociación Gallega contra las
Enfermedades Neuromusculares

AUTORA: Dña. Nelia Bruña Sánchez (Traballadora Social de ASEM Galicia)
ISBN-13: 978-84-691-9060-9
Depósito legal: VG 1500-2008
©1ª Edición 2008 ASEM Galicia

ÍNDICE

1.	Recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez	6
2.	Recoñecemento do grao e nivel de dependencia	8
3.	Prestacións socioeconómicas	10
3.1.	Prestacións non contributivas por invalidez	10
3.2.	Complemento de 3ª persoa	11
3.3.	Complemento para titulares de PNC que residan nunha vivenda alugada	11
3.4.	Prestación familiar non contributiva por fillo a cargo	12
3.5.	Prestación económica de pagamento único por nacemento ou Adopción de fillo/a en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade igual ou superior ó 65%	14
3.6.	Prestación económica de pago único por parto ou adopción múltiples	14
3.7.	Prestacións en vigor derivadas da LISMI (Lei de Integración Social dos Minusválidos)	15
3.8.	Axudas individuais non periódicas para persoas con discapacidade	16
3.9.	Subvencións para facilitar a autonomía persoal dirixidas ás persoas en situación de dependencia	18
3.10.	Renda Activa de Inserción	19
3.11.	Renda de Integración Social de Galicia	20
3.12.	Prestacións sanitarias do SERGAS	21
3.13.	Características específicas na pensión de orfandade	21
3.14.	Características específicas da pensión de viudez	22
3.15.	Características específicas para a axuda económica para mulleres vítimas de violencia de xénero (salario da liberdade)	22
3.16.	Características específicas para a axuda de pagamento único para mulleres vítimas de violencia de xénero	23
4.	Programas sociais	25
4.1.	Acollemento familiar para persoas con discapacidade	25
4.2.	Axuda no fogar	26
4.3.	Teleasistencia	28
4.4.	Estadías Temporais	28
4.5.	Programa de asistencia integral en atención temperá de Galicia	29
4.6.	Atención odontolóxica a pacientes especiais	30
4.7.	Termalismo Social do Imsero	31
4.8.	Turismo e termalismo para persoas con discapacidade COCEMFE	32
4.9.	Campamentos de verán	33
4.10.	Programa ANTA	33
4.11.	Servizo Galego de Apoio á Mobilidade	34

5.	Taxas e impostos	36
5.1.	Taxas da Xefatura de Tráfico	36
5.2.	Taxas de acceso ó emprego público	36
5.3.	Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	37
5.4.	Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)	38
5.5.	Imposto sobre o Patrimonio	39
5.6.	Imposto sobre sucesións e doazóns	40
5.7.	Exención do imposto de matriculación	40
5.8.	Exención do imposto de Vehículos de Tracción Mecánica	41
6.	Formación e emprego	42
6.1.	Vantaxes na educación	42
6.2.	Accións formativas para persoas desempregadas (PLAN FIP)	42
6.3.	Escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego	43
6.4.	Accións formativas para persoas traballadoras ocupadas	44
6.5.	Reserva legal de traballadores na empresa privada	44
6.6.	Emprego na Administración Pública	44
6.7.	Fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria.	45
6.8.	Fomento da contratación temporal	46
6.9.	Fomento da contratación interina	47
6.10.	Fomento da contratación en prácticas	47
6.11.	Fomento da contratación en formación	48
6.12.	Promoción do emprego autónomo	49
6.13.	Emprego con apoio	49
6.14.	Emprego en cooperativas e sociedades laborais	51
6.15.	Centros Especiais de Emprego	51
6.16.	Unidades de Apoio.	52
6.17.	Redución da idade de jubilación	53
7.	Vivenda	54
7.1.	Rexistro público de demandantes de vivenda protexida de Galicia.	54
7.2.	Axudas á promoción e adquisición de vivendas de protección autonómica (2005-2008)	54
7.3.	Axuda estatal directa á entrada	55
7.4.	Programa de vivenda en aluguer.	56
7.5.	Dereitos dos arrendatarios con discapacidade.	57
7.6.	Rehabilitación illada dun edificio de vivendas.	57
7.7.	Axudas de Emerxencia Social da Deputación de Pontevedra para o acondicionamento de vivendas	58
7.8.	Obras de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en Edificios	59

8.	Lei 39/ 2006 do 14 de Decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de Dependencia	60
8.1.	Catálogo de servizos da Lei de Dependencia	60
8.2.	Prestacións económicas da Lei de Dependencia	64
8.3.	Axudas económicas para facilitar a autonomía persoal	68
8.4.	Atencións específicas para menores de 3 anos	68
9.	Outra información de interese	69
9.1.	Tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade	69
9.2.	Tarxeta de accesibilidade	69
9.3.	Bono Bus	69
9.4.	Tarxeta Dourada de RENFE	70
9.5.	Abono Social de Telefónica	70
9.6.	MRW. Plan 2000	71
9.7.	Familia numerosa	71
10.	Anexos	73
	Anexo I. Equipos de Valoración e Orientación	73
	Anexo II. Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	73
	Anexo III. Delegacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	73
	Anexo IV. Inspeccións médicas	74
	Anexo V. Xefaturas de tráfico	74
	Anexo VI. Delegacións da Consellería de Vivenda e Solo.	75
	Anexo VII. Organigrama de parentesco	75

1. RECOÑECEMENTO, DECLARACIÓN E CUALIFICACIÓN DO GRAO DE MINUSVALIDEZ

Poderán solicitar o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez aquelas persoas de calquera idade (españóis, nacionais de países comunitarios e estranxeiros que se encontren en posesión da correspondente autorización administrativa de residencia) que presenten un proceso patolóxico permanente diagnosticado polos organismos correspondentes.

O diagnóstico da enfermidade non é un criterio de valoración en si mesmo. As pautas de valoración fundaméntanse na capacidade para desenvolver as actividades da vida diaria (vestirse, comer, asearse, comunicarse, suxeitar, utilizar os transportes, realizar actividades sociais e de lecer...).

Os Equipos de Valoración e Orientación (EVOs) son os que realizan as actuacións específicas na Área de Diagnóstico, Valoración e Cualificación da minusvalía.

A cualificación do grao de minusvalía realízase mediante baremos establecidos.

Os equipos de valoración e orientación (EVO), están formados por un/unha médic@, un/unha traballador/a social e un/unha psicólog@.

Revisión do grao de minusvalía

O grao de minusvalía será obxecto de revisión sempre que se prevexa unha melloría razoable das circunstancias que deron lugar o seu recoñecemento, debendo fixarse o prazo en que debe efectuarse esta revisión.

En tódolos demais casos, non se poderá instar a revisión do grao por agravamento ou melloría sempre que, polo menos, transcorra un prazo mínimo de dous anos dende a data en que se ditou resolución, excepto nos casos en que se acredite suficientemente erro de diagnóstico ou se produzan cambios substanciais nas circunstancias que deron lugar ao recoñecemento do grao, en que non será preciso esgotar o prazo mínimo.

Beneficios do recoñecemento do grao de discapacidade

Segundo o grao de discapacidade, a lexislación permite o acceso ós seguintes beneficios:

- ▶ Emprego en cooperativas e sociedades laborais de ámbito público e privado.
- ▶ Fomento da contratación indefinida na empresa ordinaria, integración laboral en centros especiais de emprego e emprego autónomo.
- ▶ Deducións na declaración da renda.
- ▶ Reducións do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).
- ▶ Reducións no Imposto sobre Sucesións.
- ▶ Deducións no Imposto de Sociedades.
- ▶ Exención no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- ▶ Exención no Imposto de matriculación de vehículos.
- ▶ Redución do 50% do importe das taxas para solicita-la prórroga de vixencia do permiso ou outra autorización administrativa para conducir da Xefatura Central de Tráfico .

- ▶ Exención de taxas para acceder ás probas selectivas no emprego público estatal e para as probas de aptitude previas ó exercicio de profesións reguladas na Unión Europea.
- ▶ Tarxeta Dourada de RENFE. Reducións mínimas do 25% para viaxes rexionais, cercanías, AVE e longo percorrido
- ▶ Descontos no prezo do transporte público que ofertan algúns concellos ó colectivo de persoas minusválidas (BONO-BUS)
- ▶ Tarxeta de Estacionamento para persoas con mobilidade reducida. Tramítase nos Concellos.
- ▶ Facilidades de acceso á vivenda
- ▶ Facilidades de acceso á educación
- ▶ Facilidades de acceso á formación ocupacional
- ▶ Abono social de Telefónica. Descontos na instalación da liña telefónica (70%) e no aboamento mensual (95%) ós minusválidos cun grao igual ou superior ó 65%, sempre que cumpran os requisitos económicos esixidos.
- ▶ Programa de respiro familiar (Vacacións de Saúde)
- ▶ Termalismo Social do IMSERSO
- ▶ Familia Numerosa

Información

- O Servizos sociais de atención primaria.
- O Equipo de Valoración e Orientación (EVO) que corresponda dependendo do lugar de residencia (VER ANEXO I)

2. RECOÑECEMENTO DO GRAO E NIVEL DE DEPENDENCIA

Para poder acceder ás prestacións económicas e servizos ós que se refire a Lei 39/2006 de 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia é preciso realizar a solicitude e achegar a seguinte documentación:

Documentación

- Impreso de solicitude debidamente cumprimentado.
- Fotocopia compulsada do DNI/NIE/Pasaporte da persoa solicitante.
- Fotocopia compulsada do Libro de familia, no caso de menores de idade.
- Informe de condicións de saúde.
- Certificado de empadramento acreditativo de residencia da persoa solicitante no que conste a súa residencia en territorio español durante, polo menos, cinco anos, dous dos cales deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación de solicitude.
- Xustificante de ingresos:
 - Certificado das pensións que percibe o/a solicitante.
 - Copia compulsada da declaración da renda e patrimonio ou documento acreditativo de non estar obrigado/a a facela (certificación de imputacións). Esta información poderá obterse de xeito informático ou telemático polo órgano xestor da Administración Tributaria logo de autorización dos interesados.
- Certificado de minusvalidez, se é o caso.
- Informe Social emitido polo/a traballador/a social dos servizos sociais públicos de referencia do/da solicitante (servizos sociais de atención primaria municipal, atención primaria de saúde, e atención especializada).
O informe social debe formar parte do expediente para a valoración integral, pero non é necesario que acompañe á solicitude no momento da presentación desta. De non estar aportado no momento da valoración, se requerirá de oficio pola Delegación Provincial correspondente.

No caso de que a persoa solicitante actúe a través de representante legal deberá achegarse:

- Copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal, se é o caso.
- Fotocopia compulsada do DNI/NIE/Pasaporte do representante legal ou do gardador de feito.
- Declaración xurada do/da gardador/a de feito.

Para os efectos do cálculo da capacidade económica para o acceso ás prestacións económicas e servizos, deberase presentar a seguinte documentación:

- Certificación do número de conta bancario na que figure a persoa solicitante como titular.
- Certificado segundo o Padrón municipal de habitantes comprensivo de todos os convivintes da unidade familiar (se é o caso)
- Fotocopia compulsada do libro de familia, no caso de ascendentes ou fillos menores de 25 anos ou maiores con discapacidade, economicamente a cargo da persoa solicitante.
- Autorización asinada polo cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade, para a comprobación dos seus datos fiscais ós efectos do cálculo da capacidade económica do/da solicitante.
- Fotocopia compulsada do certificado de minusvalía, no caso de fillos maiores de 25 anos en situación de discapacidade.

Os Equipos de Valoración da Dependencia serán os que valoren a capacidade da persoa para levar a cabo por si mesma as actividades básicas da vida diaria, así como a necesidade de apoio e supervisión para a súa realización. As valoracións exprésanse en graos e niveis.

Graos

Grao I. *Dependencia moderada:* a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, alomenos unha vez ó día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

Grao II. *Dependencia severa:* a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ó día, pero non require o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao III. *Gran dependencia:* a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ó día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, necesita o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeralizado para a súa autonomía persoal.

Niveis

Cada un dos graos de dependencia establecidos no apartado anterior clasifícanse en dous niveis, en función da autonomía das persoas e da intensidade do coidado que require.

Información

- Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
- Servizos Sociais do Concello de residencia.

3. PRESTACIONES SOCIOECONÓMICAS



3.1. PRESTACIONES NON CONTRIBUTIVAS POR INVALIDEZ

Prestación económica individual de carácter periódico que cubre contingencias de invalidez ou deficiencia e que garante uns ingresos mínimos a aquelas persoas que non poidan acceder a outro tipo de pensións.

Asegura a aquelas persoas en situación de invalidez e en estado de necesidade unha prestación económica e asistencia médico-farmacéutica gratuíta.

Requisitos

- Ser maior de 18 anos e menor de 65.
- Residir legalmente no territorio español polo menos durante cinco anos, dos cales dous terán que ser inmediatamente anteriores á data de solicitude da pensión.
- Estar afectado/a por unha discapacidade ou enfermidade crónica en grao \geq ó 65%.
- Non ter ingresos superiores ó límite establecido para cada ano.
- En caso de recibir outra pensión, será compatible se non supera o 25% da PNC en cómputo anual, e se o supera deducirase o importe que exceda dito porcentaxe.

Incompatibilidades

A prestación non contributiva é incompatible coa prestación por fillo a cargo.

Información

- 0 Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS). Tlf: 900 166 565.
- 0 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Delegacións provinciais) (VER ANEXO II)
- 0 Servizos Sociais de Atención Primaria.

3.2. COMPLEMENTO DE 3ª PERSOA

Consiste na percepción, ademais da Prestación non contributiva por Invalidez, dun complemento do 50% do importe da pensión.

Requisitos

- Persoas maiores de 18 anos e menores de 65.
- Grao de discapacidade igual ou superior ó 75% e que como consecuencia de perdas anatómicas e funcionais, necesitan axuda doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida cotiá como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Información

- 0 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Delegacións provinciais) (VER ANEXO II)
- 0 Servizos Sociais de Atención Primaria.

3.3. COMPLEMENTO PARA TITULARES DE PRESTACIÓN NON CONTRIBUTIVA (PNC) QUE RESIDAN NUNHA VIVENDA ALUGADA.

Consiste en establecer un complemento de pensión dirixido a persoas beneficiarias de pensións non contributivas de xubilación e invalidez que carezan de vivenda en propiedade e teñan como residencia habitual unha vivenda alugada por propietarios cos que non teña relación de parentesco ata o 3º grao (VER ANEXO VII)

Requisitos

- Ter recoñecida unha PNC de xubilación ou invalidez na data da solicitude.
- Carecer de vivenda en propiedade.
- Ser o/a arrendatario/a da vivenda na data da solicitude.
- Non ter relación de parentesco ata o 3º grao co arrendador da vivenda alugada.
- Ter fixada a súa residencia habitual na vivenda alugada.

Enténdese que a vivenda é domicilio habitual cando a vixencia do arrendamento non sexa inferior a un ano e teña residido na mesma durante un período mínimo de 180 días no ano de devengo do complemento e que durante dito período tivera percibido a correspondente PNC.

No caso de unidades familiares nas que convivan varios perceptores só poderá percibir o complemento o titular do contrato de aluguer, ou de ser varios, o primeiro deles.

Incompatibilidades

- Percibir outra pensión de igual ou superior contía.
- Pensións Asistenciais (FAS por enfermidade). Antigo Fondo de Asistencia Social.
- Subsidio de garantía de ingresos mínimos e de axuda de terceira persoa (LISMI).
- Prestación de protección por fillo/a a cargo minusválido/a.
- Pensións do SOVI (Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez).

Compatibilidades

- Compatible coa pensión de orfandade, descontándose da PNC a cantidade correspondente á pensión de orfandade.
- A percepción desta pensión é compatible co desempeño dunha actividade laboral, sempre e cando non supere a contía da prestación (mínimo o 25 % da PNCI).
- A PNC é compatible cunha actividade laboral durante os 4 anos seguintes ó inicio da actividade. A suma da contía da PNCI e dos ingresos obtidos pola actividade desenvolta non poderán ser superiores ó límite establecido.
Estas reducións non afectarán ó complemento de axuda de terceira persoa que poida percibir a persoa beneficiaria.

Información

- 0 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Delegacións provinciais) (VER ANEXO II)
- 0 Servizos Sociais de Atención Primaria.

3.4. PRESTACIÓN FAMILIAR NON CONTRIBUTIVA POR FILLO A CARGO.

Asignación económica que se recoñece por cada fillo a cargo do beneficiario, menor de 18 anos ou maior cunha discapacidade igual ou superior ó 65%, calquera que sexa a natureza legal da súa filiación.

Requisitos

- Ter a cargo un fillo menor de 18 anos cunha minusvalía igual ou superior ao 33% ou maior de 18 anos cun grao de minusvalía igual ou superior ó 65%.

- Orfos/as de pai e nai e os abandonados/as polos pais/nais, estean ou non en réxime de acollemento familiar.
- Residir legalmente en territorio nacional.
- Non ter dereito nin o pai nin a nai a prestacións desta natureza en calquera réxime público de protección social.
- Para poder acceder á atención de Terceira Persoa é preciso ter recoñecidos ademais do grao de minusvalía $\geq 75\%$, os 15 puntos mínimos esixidos no baremo específico.

Compatibilidades

- É compatible cos ingresos que poida percibir o menor por traballo lucrativo por conta allea ou propia, sempre que non supere o 75% do Salario Mínimo Interprofesional (para o ano 2008: 600 €/mes en termos brutos).
- É compatible coa pensión de orfandade.


Incompatibilidades

- No suposto de que concorran as circunstancias necesarias para ter a condición de persoas beneficiarias da asignación económica, por parte da nai ou do pai; o dereito a percibila só poderá ser recoñecida a favor dun deles.
- Coa condición, por parte do menor con discapacidade, de pensionista de invalidez ou xubilación na súa modalidade non contributiva.
- Coas pensións asistenciais (FAS).
- Co subsidio de ingresos mínimos e axuda de terceira persoa (LISMI).

Información

O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS). Tif.: 900166565

3.5. PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO A TANTO ALZADO POR NACIMIENTO OU ADOPCIÓN DE FILLO/A EN SUPOSTOS DE FAMILIAS NUMEROSAS, MONOPARENTAIS E NOS CASOS DE NAIS CON DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR Ó 65%.



Nos casos de nacemento ou adopción de fillo/a en España nunha familia numerosa ou que, con tal motivo, adquira dita condición, nunha familia monoparental ou nos supostos de nais que padezan unha discapacidade igual ou superior ó 65% terase dereito a unha prestación que consistirá nun pagamento único de 1.000 €.

Entenderase por familia monoparental a constituída por un so proxenitor co que convive o fillo nacido ou adoptado e que constitúe o sustentador único da familia.

Requisitos

- Residir legalmente en territorio español.
- Non ter percibido durante o exercicio orzamentario anterior ingresos anuais superiores á contía establecida para ser beneficiario/a das asignacións económicas por fillo/a a cargo non discapacitado/a.
- Non ter dereito, nin o pai nin a nai, a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social. No suposto de convivencia do pai e da nai se a suma dos ingresos percibidos por ámbolos dous superase os límites establecidos, non se recoñecerá a condición de beneficiario a ningún deles.

Información

O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS). Tlf.: 900 166 565

3.6. PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGO ÚNICO POR PARTO OU ADOPCIÓN MÚLTIPLES.

Consiste nunha prestación de pago único que ten por obxecto compensar, en parte, o aumento de gastos que produce nas familias o nacemento ou a adopción de dous ou máis fillos por parto ou adopción múltiples.

Requisitos

- Nacemento ou adopción de dous ou máis fillos.
- No caso de que un dos fillos estea afectado por unha discapacidade igual ou superior ó 33% computará dobre para efectos da contía para percibir.
- Residir legalmente en territorio español.
- Non ter dereito, ni o pai nin a nai, a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social.

Entenderase que existe parto ou adopción múltiple cando o número de nados ou adoptados sexa igual ou superior a dous.

Compatibilidades

A prestación por parto ou adopción múltiples é compatible con:

- A prestación por nacemento ou adopción de terceiro ou sucesivos fillos, causada por un mesmo suxeito.
- O subsidio especial de maternidade por parto ou adopción múltiples.
- As asignacións económicas por fillo ou menor acollido a cargo.
- A pensión de orfandade e en favor de netos e irmáns que, se é o caso, lle puideran corresponder.

Información

O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS). Tif.: 900 166 565

3.7. PRESTACIÓNS EN VIGOR DERIVADAS DA LISMI (LEI DE INTEGRACIÓN SOCIAL DOS MINUSVÁLIDOS)

a) Asistencia Sanitaria e Farmacéutica (ASPF)

É unha prestación de asistencia sanitaria e farmacéutica nas mesmas condicións que os pensionistas do Réxime Xeral da Seguridade Social, para uso exclusivo da persoa con certificado de minusvalía.

Requisitos

- Non estar comprendido no campo de aplicación do sistema da Seguridade Social por non desenvolver actividade laboral.
- Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 33%.
- Non ter dereito como titular ou beneficiario a esta prestación por outro sistema público da Seguridade Social (INSS, ISFAS, MUFACE...)

b) Subsidio de Mobilidade e Compensación por gastos de Transporte

Axuda económica destinada a cubrir gastos de desprazamentos fóra do domicilio habitual, cando a persoa con discapacidade ten grandes dificultades para utilizar, por si mesma, servizos colectivos de transporte.

Requisitos

- Ter máis de 3 anos.
- Ter recoñecida a existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos (grao de minusvalía igual ou superior ó 33% e superar o baremo correspondente).
- Non superar a persoa con discapacidade, persoas ó seu cargo (cónxuxe e descendentes), ou que convivan na unidade familiar (incluíndo pais e irmáns solteiros), o nivel de recursos económicos establecido.

Información

- O Servizos Sociais de Atención Primaria
- O Delegacións Provinciais da Igualdade e do Benestar. (VER ANEXO II)

3.8. AXUDAS INDIVIDUAIS NON PERIÓDICAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Son axudas individuais, de carácter non periódico, para persoas con discapacidade, empadroadas en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, co fin de colaborar en determinados gastos que ocasione, a cobertura de necesidades derivadas da discapacidade.

Estas axudas son incompatibles con outras de análoga natureza que poidan conceder para a mesma finalidade outros organismos públicos ou privados.

Requisitos

- Estar a persoa afectada por unha minusvalía recoñecida en grao igual ou superior ó 33%.
- Solicitar unha axuda ou servizo derivado da súa discapacidade.
- Non superar os 65 anos de idade.
- Ter cumpridos os 16 anos para a adquisición de audífonos.
- Informe do EVO (Equipo de Valoración e Orientación) indicando que precisa o tratamento e non pode recibilo nun centro ou organismo público ou percibir axuda para o mesmo.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Non ter percibido nos dous últimos anos axudas para o mesmo fin, solicitadas ó amparo das convocatorias referidas a esta orde, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - o Que a adaptación ou axuda técnica solicitada sexa complementaria da anteriormente concedida, para os efectos de promover a autonomía persoal do solicitante.
 - o Que a adaptación ou axuda técnica solicitada sexa distinta das anteriormente concedidas e se deba a un agravamento da súa situación.
 - o Que a natureza ou carácter da axuda técnica ou produto de apoio para o normal desenvolvemento da vida diaria recoñecido en anteriores convocatorias sexa perecedeiro pola normal deterioración.
- Non ter recoñecida a situación de dependencia prevista na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, no grao III, niveis 1 ou 2, ou no grao II, nivel 2, por resolución anterior á data de finalización de prazo de presentación de solicitudes.

Actuacións subvencionables e axudas

1. Adaptación funcional da casa e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda.
2. Adquisición de próteses dentais e audífonos non previstos no sistema sanitario.
3. Axudas técnicas, sempre que non sexan cubertas polo sistema sanitario ou por outros organismos públicos ou privados sen ánimo de lucro.
 - o Axudas técnicas para aseo e hixiene persoal.
 - o Axudas técnicas para alimentación.
 - o Axudas técnicas para mobilidade, posicionamento e protección persoal.
 - o Axudas técnicas para comunicación.
 - o Axudas técnicas para persoas con discapacidade auditiva.
 - o Axudas técnicas para persoas con discapacidade visual.

Información

- O Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (VER ANEXO II)

3.9. SUBVENCIONES PARA FACILITAR A AUTONOMÍA PERSOAL DIRIXIDAS ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

Subvencións individuais, de carácter non periódico, para persoas en situación de dependencia, en réxime de concorrencia competitiva, empadroadas en Galicia, co fin de colaborar en determinados gastos que xenere a súa situación de dependencia.

Requisitos

- Persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia de Grado III, niveis 1 e 2 ou de Grao II, nivel 2.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a axuda solicitada derive da súa dependencia recoñecida.
- Que a axuda solicitada non estea incluída no eido doutras liñas de protección social ou sanitaria.
- Non ter percibido nos últimos dous anos axudas para o mesmo fin que as solicitadas ó abeiro de convocatorias anteriores de análoga natureza, agás que concorran as seguintes circunstancias:
 - o Que a adaptación ou axuda técnica solicitada sexa complementaria da anteriormente concedida, para os efectos de previr a situación de dependencia ou de promover a autonomía persoal do solicitante.
 - o Que a adaptación ou axuda técnica solicitada sexa distinta das anteriormente concedidas e se deba a un agravamento da situación de dependencia.
 - o Que a natureza ou carácter da axuda técnica ou produto de apoio para o normal desenvolvemento da vida diaria recoñecido en anteriores convocatorias sexa precedido pola normal deterioración. Neste suposto, se a solicitude se debe a unha substitución da axuda técnica por agravamento da situación de dependencia, para poder realizar a solicitude será necesario doar a axuda técnica/produto de apoio ao servizo de préstamos de axudas técnicas.

Actuacións subvencionables e axudas

1. Adaptación funcional do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda.
2. Axudas técnicas ou produtos de apoio susceptibles de ser incluídas nalgún dos seguintes puntos:
 - o Para aseo e hixiene persoal.
 - o Para alimentación.
 - o Para a mobilidade, posicionamento e protección persoal. Inclúen a adaptación de automóviles ou vehículos de motor.
 - o Para a comunicación aumentativa e alternativa.

- Para o acceso ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC).
- Para persoas con discapacidade auditiva.
- Para persoas con discapacidade visual.

Información

- O Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (VER ANEXO II)

3.10. RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI).

Establecer, dentro da acción protectora por desemprego, unha axuda específica dirixida ós desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral. Este programa combina a percepción dunha renda coa busca activa de emprego.

Requisitos

- Ser maior de 45 anos e non ter cumpridos os 65.
- Ser demandante de emprego inscrito ininterrompidamente como desempregado na oficina de emprego durante 12 ou máis meses. Considérase interrompida a demanda de emprego por ter traballado un período acumulado de 90 días ou máis nos 365 anteriores á data de solicitude.
- Non ter dereito a prestacións ou subsidios por desemprego ou á renda agraria e carecer de rendas superiores ó límite establecido.
- Non ter sido beneficiario/a da RAI nos 365 días naturais anteriores, agás que acrediten un grao de minusvalía igual ou superior ó 33% ou a condición de vítima de violencia de xénero ou doméstica.
- Non ter sido beneficiario/a de tres dereitos ó programa de RAI anteriores aínda que non se disfrutara o período de duración máxima da renda.
- Tamén se poderá solicitar a incorporación ó programa, previa inscrición como demandante de emprego nos seguintes casos:
 - Cando o traballador teña recoñecida unha minusvalía en grao igual ou superior ó 33% aínda que non sexa maior de 45 anos e cumpra o resto dos requisitos especificados no apartado anterior.
 - Emigrantes retornados nos doce meses anteriores á solicitude, que traballaran polo menos 6 meses no estranxeiro dende a súa última saída de España e cumpran todos os requisitos, excepto o da inscrición durante 12 meses ou máis na oficina de emprego.

Información

O Na oficina do INEM que lle corresponda a cada traballador.

3.11. RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA).



A RISGA é unha prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto persoalzado de inserción constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e, se é o caso, laboral da persoa beneficiaria.

Requisitos

- Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude.
- Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vinculada economicamente á persoa solicitante.
- Ter unha idade comprendida entre os 25 e os 65 anos.
- Non obstante, tamén poderán ser beneficiarios:
 - a. Menores de 25 anos, que reunindo o resto dos requisitos, teñan menores ó seu cargo.
 - b. Persoas maiores de 18 anos que, tendo recoñecida a condición de minusvalía, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
 - c. Persoas maiores de 18 anos que, antes de acadaren a maioría de idade, estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en centros de protección de menores ou en acollemento familiar.
 - d. As persoas maiores de 18 anos en situación de orfandade absoluta que, reunindo os demais requisitos, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.
- Dispoñer de recursos económicos inferiores á contía da prestación económica da RISGA que no seu caso lle corresponda.
- Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestar alimentos. Poderase eximir deste requisito aqueles solicitantes dos que se prevexa que a obriga de alimento non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das que exista constancia no expediente.

Información

- O Servizos sociais de atención primaria dos concellos.
- O Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Delegacións provinciais. (VER ANEXO II)

3.12. PRESTACIÓNS SANITARIAS DO SERGAS.

As seguintes prestacións consisten:

- Reintegro total ou parcial dos gastos de adquisición de material.
- Renovación da prestación, se procede.
- Liberdade de elección do establecemento dispensador da prótese prescrita, segundo os criterios de planificación establecidos polo SERGAS.
- Posibilidade de acudir á Inspección Sanitaria en caso de disconformidade coa prestación, así como, de elevar reclamación, en última instancia, ante a Comisión Central para a Regulación e Seguimento da Prestación Ortoprotésica da Comunidade Autónoma de Galicia.

Obrigas

1. Cumprir as instrucións do facultativo especialista.
2. Facer bo uso da prestación e conservala.
3. Facer efectiva a devolución das cadeiras de rodas cando proceda.

Información

- O Inspección Médica da Área Sanitaria. (VER ANEXO IV)

3.13. AUMENTO DA CONTÍA NA PENSIÓN DE ORFANDADE

A pensión de orfandade da Seguridade Social é unha prestación económica que consiste nunha pensión que se concede ós fillos da persoa falecida e os aportados polo seu cónxuxe, que reúnan os requisitos esixidos.

Requisitos

- Menores de 18 anos ou maiores incapacitados en grao de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez.

- Maiores de 18 anos e menores de 22 ou 24 (se non sobrevivise ningún dos pais ou se o orfo presentara unha discapacidade do 33%), cando non efectúen traballos por conta propia ou allea ou, cando realizándoos, os ingresos obtidos sexan inferiores ó límite establecido.
- Os nados con posterioridade ó falecemento.

Información

- O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) Tlf: 900 166 565

3.14. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DA PENSIÓN DE VIUEZ

A pensión de viuvez da Seguridade Social é unha prestación que consiste nunha pensión vitalicia que se concede a quen tivese vínculo matrimonial ou fora parella de feito da persoa falecida e reúnan os requisitos esixidos.

O percibo desta pensión extinguirase no momento en que a persoa perceptora contraese novo matrimonio ou constituíse parella de feito. Non obstante, poderase manter o percibo da pensión de viuvez, aínda que o pensionista contraese novo matrimonio ou constituíse unha *parella de feito*, sempre que se acrediten os seguintes requisitos:

- Ser maior de 61 anos ou menor e ter recoñecida tamén unha pensión de incapacidade permanente absoluta ou de gran invalidez ou acreditar unha minusvalía en grao superior ó 65%.

Información

- O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) Tlf: 900 166 565

3.15. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS PARA A AXUDA ECONÓMICA PARA MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (SALARIO DA LIBERDADE).

Esta axuda consiste en proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero, mediante prestacións económicas individuais e de carácter periódico, que lles garantan unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor e lles possibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

Requisitos

- Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- Residir en Galicia.
- Acreditar a situación de violencia derivada de convivencia.
- Non dispoñer de recursos económicos, ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

Específico para persoas con discapacidade

A contía da axuda é maior no caso de acreditar unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Incompatibilidades

- Coa percepción de calquera outra establecida axuda tanto das administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ó mesmo fin.
- Cando as solicitantes teñan solicitada ou perciban a RAI por vítima de violencia, farán constar expresamente esta circunstancia na declaración de axudas xunto coa solicitude, e nos casos que a soliciten con posterioridade deberán comunicalo de xeito inmediato.

Información

- 0 Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
Praza de Europa, 15A, 1º- Área Central
Polígono de Fontiñas,
15781 Santiago de Compostela
Tel: 981 545 366 sgpihm@xunta.es

3.16. CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS PARA AXUDA DE PAGAMENTO ÚNICO PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Consiste nunha axuda económica de pagamento único dirixida ás vítimas de violencia de xénero para as que quede acreditada insuficiencia de recursos e unhas especiais dificultades para obter un emprego.

Requisitos

- Ser muller, maior de idade ou emancipada.
- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o límite establecido para cada ano e para cada circunstancia concreta.
- Ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do Informe do Servizo Galego de Colocación.
- Ter vixentes as medidas de protección establecidas nunha orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou sentenza xudicial.
- Non ter percibido esta axuda con anterioridade.

Específico para persoas con discapacidade

O importe da axuda é maior no caso de que a vítima e/ou os familiares ó seu cargo acrediten un grao de discapacidade(a contía varía en función de se o grao é igual ou superior ó 33% ou ó 65%).

Información

- 0 Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
Praza de Europa, 15A, 1º- Área Central
Polígono de Fontiñas,
15781 Santiago de Compostela
Tel: 981 545 366 sgpihm@xunta.es

4. PROGRAMAS SOCIAIS

4.1. ACOLLEMENTO FAMILIAR PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Este programa consiste en procurar o mantemento da persoa con discapacidade no seu medio social habitual facilitando así a súa integración e evitando o internamento en institucións cando este non sexa axeitado ou desexado.

O acollemento familiar consiste en que unha persoa ou familia acolla no seu fogar á persoa con discapacidade ou que a atenda na casa de dita persoa. Percibirán a cambio unha compensación económica.

Requisitos

- Ser español ou cidadán dalgún dos estados membros da Unión Europea, e estar empadroadado e ter residencia efectiva en calquera concello de Galicia.
- Non ter relación de parentesco en liña recta en ningún grao ou en liña colateral por consanguinidade ata o terceiro grao con ningún membro da familia acolledora. No caso de que o acollido sexa unha persoa dependente, poderá formalizarse o acollemento en liña recta por afinidade, salvo que na unidade de acollida existan outros familiares do acollido en liña recta consanguínea que sexan maiores de idade e estean obrigados legalmente a prestarlles alimentos. (VER ANEXO VII).
- Ser maior de idade.
- Ter un grao de minusvalía recoñecido igual ou superior ó 65%.

Requisitos da familia acolledora

- Ser español ou cidadán dalgún dos estados membros da Unión Europea, e estar empadroadado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que polo menos un dos acolledores sexa maior de idade e non supere os 65 anos no momento de formular a solicitude, goce de boa saúde e non padeza de limitacións físicas ou mentais que lle impidan atender as tarefas domésticas normais.
- Ausencia de ánimo de lucro no que respecta ó programa de acollemento
- Cada familia non poderá acoller a máis de dous beneficiarios.
- Non poderá existir con anterioridade ó acollemento testamento ou transmisións de bens ou dereitos a título gratuito feitos ó seu favor por parte da persoa acollida.
- Non ter a condición de titor legal da persoa acollida.

Requisitos da vivenda

O acollemento poderá levarse a cabo tanto na vivenda do acolledor como na do acollido. En ámbolos dous casos acolledor e acollido deberán convivir na mesma vivenda, que deberá:

- Ter fácil acceso.
- Estar dotada de suficientes condicións hixiénicas e de salubridade, auga corrente, luz eléctrica e cuarto de baño.
- Carecer de barreiras que impidan o acceso e normal desenvolvemento da vida diaria da persoa acollida de acordo coas súas características persoais.

Información

- O Servizos Sociais de Atención Primaria.
- O Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Delegacións provinciais). (VER ANEXO II)

4.2. AXUDA NO FOGAR



O Servizo de Axuda no Fogar está dirixido a toda a poboación, pero ten como prioridade aqueles/as cidadáns que presenten disfuncións ou discapacidades que lles limiten a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que teñan dificultades para procurar o seu benestar físico, social e psicolóxico, prestándolles unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico; e proporcionándolles a posibilidade de continuar no seu entorno natural, mentres isto sexa posible.

Destinatarios/as

- Familias ou persoas que presentan disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio.
- Persoas maiores, con certo nivel de dependencia, que non teñan a ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas con discapacidades ás que a axuda no fogar poida favorecer a súa autonomía.

- Menores ós que haxa que atender por ausencia dos pais ou titores ou cando estes, por motivos suficientemente xustificadas, non poidan exercer as súas funcións.
- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.
- En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a prestación do servizo.

Prestacións

1. **Atencións domésticas**, entendendo como tales aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma cotiá no fogar relacionadas coa alimentación, roupa, limpeza e mantemento da vivenda.
2. **Atencións de carácter persoal**, que inclúe actividades relativas a facilitar apoio social e afectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e apoio á mobilización dentro do fogar.
3. **Atencións psicosociais e educativas**, consistentes no apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a integración na comunidade, así como apoio á estruturación familiar.
4. **Atencións de carácter técnico e complementario**: refírense ás xestións ou actuacións que podan ser necesarias, ben para o funcionamento do servizo, ben para que continúe en condicións axeitadas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como a teleasistencia e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

En función da capacidade económica dos usuarios poden:

- estar exentos de pagamento;
- aportar unha porcentaxe do gasto ou;
- o pagamento total do servizo

Cada concello establece o seu propio baremo para o cálculo das achegas dos usuarios, de conformidade cos principios de solidariedade e redistribución.

Información

0 Servizos Sociais dos Concellos.

4.3. TELEASISTENCIA



A Teleasistencia Domiciliaria é un servizo de atención telefónica ininterrompida cun equipamento de comunicacións e informática específicos. Permite ás/ós usuarias/os ante calquera situación de emerxencia e con tan só premer un botón, comunicarse coa central, atendida por persoal especializado, para dar resposta á crise presentada.

Requisitos

- Estar empadroado e ter residencia efectiva nalgún concello de Galicia alomenos durante 1 ano inmediatamente anterior á solicitude.
- Que precise o dispositivo de alarma atendendo á valoración do órgano competente.
- Dispoñer de liña telefónica.
- Efectuar o pagamento do prezo estipulado para a recepción do servizo de alarma.

Información

- O Servizos Sociais dos Concellos.
- O Nas Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar . (VER ANEXO II)

4.4. ESTADÍAS TEMPORAIS

Enténdese por estadía temporal a permanencia en réxime de aloxamento, manutención e atención integral nun Centro Residencial por un período de tempo predeterminado, durante o cal os usuarios destas prazas terán os mesmos dereitos e obrigas que os residentes fixos.

O tempo de permanencia no Centro Residencial oscilará entre 7 e 60 días, período que se determinará con anterioridade ó ingreso. Excepcionalmente e previa xustificación da necesidade, será posible prolongar a estadía temporal.

Requisitos


- Ter 65 anos cumpridos ou, excepcionalmente, ser maior de 60 anos e presentar un grao de autonomía limitado e que pola súa situación persoal ou social precise das atencións que se ofertan.

- Cónxuxe ou persoa coa que conviva habitualmente en forma análoga á marital.
- Os familiares por consanguinidade ata o primeiro grao ou por consanguinidade colateral ata o segundo grao, cando exista dependencia respecto do solicitante, e non se teñan obtidos recursos axeitados as súas necesidades. (VER ANEXO VII)
- Residencia en Galicia.
- Non padecer enfermidades infectocontaxiosas nin calquera outra que requira atención permanente e continuada en centro hospitalario.
- Non padecer trastornos de conducta que poidan perturbar gravemente a convivencia no centro.
- Superar os criterios de acceso: persoais, sociofamiliares, sanitarios, económicos, vivenda,...

Información

- 0 Delegacións Provinciais da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar. (VER ANEXO II)

4.5. PROGRAMA DE ASISTENCIA INTEGRAL EN ATENCIÓN TEMPERÁ DE GALICIA.



A Atención Temperá é o conxunto de medidas postas ó servizo d@ nen@ que presenta trastornos ou desharmonías no seu desenvolvemento, nas áreas motoras, sensoriais e/ou mentais ou risco de padecerlas, así como o servizo da súa familia e do seu entorno, coa finalidade de garantir e potenciar ó máximo o desenvolvemento das capacidades físicas, sensoriais e sociais dese neno dende os primeiros momentos da súa vida.

A poboación diana deste Programa son Os Neonatos de risco ou con deficiencias. Hai unha Unidade de Atención Temperá en cada un dos complexos hospitalarios de Galicia.

Obxectivos da Atención Temperá

- Prevención e detección precoz
- Atención globalizada e integral
- Manter ó neno/a no seu entorno familiar
- Favorecer a integración escolar e social
- Apoiar e asesorar ós pais
- Dar apoio e asistencia técnica ós centros educativos con nen@s integrados

Metodoloxía de Traballo

Atención por un Equipo Multidisciplinario que garanta o diagnóstico médico, psicológico e social e permita a elaboración e posterior execución de programas específicos para cada caso.

Información

0 Complexo hospitalario de referencia.

4.6. ATENCIÓN ODONTOLÓXICA A PACIENTES ESPECIAIS.



Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade (S.X. do Programa de Atención Sociosanitaria), o SERGAS, e a Universidade de Santiago de Compostela.

O acceso a este programa realízase sempre a través do odontólogo de Atención Primaria. Despois da primeira consulta co odontólogo, e cando a intervención supere as posibilidades deste nivel, poderase derivar coa seguinte información:

- Informe odontolóxico, xustificando a necesidade da intervención na Unidade Especializada.
- Radiografía panorámica oral.
- Informe médico detallado do pediatra, ou do médico que habitualmente atende ó paciente.

Onde se levan a cabo as intervencións?

Os pacientes susceptibles de tratamento baixo anestesia local ou sedación consciente, trataráanse na Unidade de Pacientes Especiais da Facultade de Medicina e Odontoloxía. Os pacientes que requiran tratamento baixo anestesia xeral, serán atendidos na Unidade de Ciruxía Ambulatoria (UCA) do Hospital de Conxo.

Requisitos

- Pacientes que presenten retraso mental e/ou discapacidade física importante (tetraplexias, parálise cerebral, etc.)

Información

- 0 Sección de Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Telf: 981 56 31 00. ext: 2340 e 2342

4.7. TERMALISMO SOCIAL DO IMSERSO

As quendas terán unha duración de 12 días cada unha comprendendo os seguintes servizos:



- a. Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en habitacións dobres de uso compartido.
- b. Tratamentos termais que comprenderán: recoñecemento médico ó ingresar no balneario; o tratamento termal que, en cada caso, prescriba o médico do balneario; o seguimento médico do tratamento con informe final.
- c. Póliza colectiva de seguro.

Requisitos

- Ser pensionista do sistema da Seguridade Social polos conceptos de xubilación ou invalidez e, en todo caso, polo concepto de viuvez ou doutras pensións cando o beneficiario cumprira os 60 anos de idade. Tamén poderán ser beneficiarios/as das prazas os españois residentes no exterior, sempre que perciban unha pensión pública, teñan máis de 60 anos e cumpran co resto dos requisitos.
- Non padecer trastornos mentais graves que poidan alterar a normal convivencia nos establecementos, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
- Poder valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
- Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas. Ponderaranse as seguintes variables:
 1. Grao de necesidade de recibir os tratamentos termais.
 2. Situación económica dos solicitantes.
 3. Idade dos solicitantes.
 4. Que non disfrutara da praza en anos anteriores.
 5. Se o/a solicitante é membro dunha familia numerosa
 6. Outras circunstancias excepcionais non contempladas nas variables anteriores.
- O/A solicitante poderá ir acompañado do seu cónxuxe ou da persoa con quen conviva en relación de parella, para a que non se esixe a obriga de percibir pensión da Seguridade Social.

Información

- 0 Servizos Sociais de Atención Primaria
- 0 Centros dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (fogares, clubs da terceira idade, etc.)
- 0 Delegacións Provinciais da Igualdade e do Benestar. (VER ANEXO II)

4.8. TURISMO E TERMALISMO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE COCEMFE.

Requisitos

- Persoas que acrediten un grao de minusvalía física ou orgánica igual ou superior ó 33%, tendo prioridade aquelas persoas que superen o 50%.
- Ser maior de 16 anos. Autorización do pai, nai ou titor en caso de menores de idade.

Poden asistir con carácter excepcional os fillos dos beneficiarios menores de 16 anos, sempre que se xustifique a imposibilidade de poder viaxar sen a súa compañía.

Poderán levar acompañante, aquelas persoas que utilicen cadeira de rodas, ou que requiran axuda para desenvolver as actividades básicas da vida diaria .

En todas as viaxes está incluído:

- Habitación dobre compartida
- Hotel accesible (non adaptado) en réxime de Pensión Completa (excepto en destinos internacionais). Non se garante a adxudicación de habitacións adaptadas.
- Seguro de viaxe.
- Monitores de apoio.
- Transporte adaptado durante toda a viaxe nas quendas de Península
- Avión ida e volta nas quendas de Illas e traslado ó hotel en autobús adaptado.
- Tratamento termal para os beneficiarios nas quendas de Balneario.

Información

- 0 COCEMFE Dpto. de Vacaciones
C/. Eugenio Salazar, 2. 28002-Madrid
Teléfono: 91 413 80 01 Fax: 91 416 99 99
Dirección de correo electrónico: vacaciones@cocemfe.es

4.9. CAMPAMENTOS DE VERÁN



Procuran a integración social de rapaces/as con discapacidade mediante a súa participación nos campamentos de verán e campos de traballo a través de quendas de integración, así como a súa participación en quendas específicas.

Requisitos

- Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 33%.

Información

- O Servizos Sociais de Atención Primaria.
- O Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. (VER ANEXO II)

4.10. PROGRAMA ANTA.

É un servizo de transporte adaptado e de acompañamento social para persoas con discapacidade e dependencia prestado por algúns servizos sociais de atención primaria municipais.

Persoas beneficiarias

Persoas que no seu certificado de minusvalía se indique "o recoñecemento de dificultades de mobilidade que impidan a utilización de transportes colectivos".

Ademais, é necesario dispor da valoración social da demanda individual por parte do/da traballador/a social dos servizos sociais municipais, así como dun protocolo de aplicación do programa, que permita a súa optimización, para o cal se terá en conta unha certa prelación no acceso ó servizo. Esta prelación virá determinada polo motivo polo que se demande a utilización do servizo, recomendándose a aplicación da seguinte orde de prioridade:

1. Desprazamentos da persoa beneficiaria a consultas sanitarias, tanto do sistema público como do privado, cando o mesmo non sexa competencia do sistema sanitario (do 061)

2. Desprazamentos da persoa beneficiaria ós centros e equipamentos do sistema de servizos sociais: residencias, centros de día, ou outros equipamentos de aloxamento temporal ou permanente ó que deben acudir por ser usuarios/as dos mesmos (priorizando os desprazamentos a centros de carácter público sobre os desprazamentos a centros de natureza privada).
3. Desprazamentos ós centros e equipamentos do sistema de servizos sociais que, non tendo carácter de aloxamento, dispoñen de programas e/ou actividades ás que acoden ou deban acudir por ser usuarios/as dos mesmos (priorizando os desprazamentos a centros de carácter público sobre os desprazamentos a centros de natureza privada).
4. Desprazamentos a actividades de mero desenvolvemento persoal.

Os concellos, dentro do ámbito das súas competencias, establecerán o oportuno copago en contrapartida pola prestación do servizo, en función do nivel de recursos económicos (renda e patrimonio) de que dispoñan os/as usuarios/as.

Información

- 0 Servizos Sociais dos Concellos nos que estea funcionando este Programa.

4.11. SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE.



O Servizo de Transporte Adaptado é un servizo público autonómico de carácter social de axuda ó desprazamento programado e non urxente para achegar ás persoas con discapacidade e/ou dependentes a programas, centros ou servizos, en condicións de máxima seguranza, cos medios necesarios e coa presenza dun monitor acompañante.

Requisitos

- Ter residencia en Galicia no momento da solicitude.
- Ter recoñecida a situación de dependencia en calquera dos graos conforme a normativa aplicable e/ou recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ó 65%.
- Imposibilidade de utilización de transportes colectivos, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade.

A prestación do servizo procurará cubrir as necesidades básicas de desprazamento dos usuarios, de acordo coas seguintes prioridades do servizo, en función da finalidade do servizo:

- a. Acudir a consultas ou tratamentos sanitarios, cando o desprazamento non sexa competencia do sistema sanitario. Para estes efectos reservárase unha franxa horaria de forma que permita planificar as citas con antelación e prestar adecuadamente o servizo sen minorar a eficacia nas demais prestacións.
- b. Traslado a/ou dende residencias da rede pública do sistema galego de servizos sociais especializados.
- c. Traslado a centros de aloxamento temporal da rede pública do sistema galego de servizos sociais.
- d. Traslado a centros de día da rede pública do sistema galego de servizos sociais.
- e. Traslado a centros ou equipamentos en que se desenvolvan programas e/ou actividades no marco dos obxectivos xerais do sistema galego de servizos sociais.
- f. Traslado a centros de servizos sociais non comprendidos nas letras anteriores.
- g. Traslados necesarios para a realización de actividades básicas da vida diaria que favorezan a autonomía e o desenvolvemento persoal das persoas usuarias do servizo, consonte a seguinte orde de prioridades:
 - Asistencia a xulgados, notaría e realización de xestións de carácter legal, administrativo ou doutra índole en entidades privadas.
 - Actividades relacionadas co coidado persoal, tanto a nivel terapéutico rehabilitador como estético.
 - Actividades de carácter sociofamiliar.
 - Adquisición de bens e prestación de servizos necesarios para o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.
- h. Traslados relacionados coa asistencia a actividades de carácter educativo e formativo.

A prestación para os supostos establecidos nos puntos b) e c) terá carácter subsidiario cando existan servizos complementarios nos ditos equipamentos sociais.

Información

O Teléfono Servizo de Transporte Adaptado: 902 222 065

5. TAXAS E IMPOSTOS

5.1. TAXAS DA XEFATURA DE TRÁFICO

Aquelas persoas que por razón das súas aptitudes psicofísicas se vexan obrigadas a solicitar a prórroga de vixencia do permiso ou outra autorización administrativa para conducir da que sexan titulares por un período igual ou inferior a 2 anos, terán unha redución do 50% do importe da taxa esixible.

Información

O Xefaturas de Tráfico. (VER ANEXO V)

5.2. TAXAS DE ACCESO Ó EMPREGO PÚBLICO.

Administración xeral do estado

Para acceder ás probas selectivas para os corpos ou escalas das persoas funcionarias ou ás categorías de persoal laboral convocadas pola administración pública estatal, así como as probas de aptitude como requisito previo para o exercicio de profesións reguladas na Unión Europea estarán exentas do pagamento das taxas as persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Xunta de Galicia

Aquelas persoas cunha discapacidade igual ou superior ó 33 % gozarán de **exención** das seguintes taxas:

- A expedición de certificados de retribucións satisfeitas pola Xunta de Galicia a obxecto de xustificación con relación ó imposto sobre a renda das persoas físicas.
- A expedición de certificados e compulsa que o persoal da administración solicite respecto ás necesidades propias do posto de traballo ou relación de servizos.
- Os alumnos por calquera actuación en materia de ensinanzas non universitarias.
- As compulsas realizadas nas oficinas de emprego para as persoas desempregadas na tramitación de expedientes que sexan competencia de ditas oficinas.
- A inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma, previa xustificación documental, solicitada polas persoas con minusvalía igual ou superior ó 33 %.
- A expedición de certificados relativos á situación fiscal.

- O Estado e demais entes públicos territoriais ou institucionais, sempre e cando os servizos ou actividades de que sexan persoas beneficiarias se presten ou se realicen no marco do principio de colaboración entre administracións.

5.3. IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF)



Ingresos que non tributan no IRPF.

- A) As prestacións públicas extraordinarias por actos de terrorismo e as pensións derivadas de medallas e condecoracións concedidas por actos de terrorismo.
- B) As axudas de calquera clase percibidas polos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana.
- C) As pensións recoñecidas a favor daquelas persoas que sufriron lesións ou mutilacións con ocasión ou como consecuencia da Guerra Civil, xa sexa polo réxime de clases pasivas do Estado ou ao amparo da lexislación especial dictada ao efecto.
- D) As indemnizacións como consecuencia de responsabilidade civil por danos persoais, na contía legal ou xudicialmente recoñecida.
- E) As indemnizacións por despido ou cese do traballador, na contía establecida con carácter obrigatorio no Estatuto dos traballadores.
- F) As prestacións recoñecidas ó contribuínte pola Seguridade Social ou polas entidades que a substitúan como consecuencia de incapacidade permanente, absoluta ou gran invalidez.
- G) As pensións por inutilidade ou incapacidade permanente do réxime de clases pasivas, sempre que a lesión ou enfermidade que fora causa de aquelas inhabilitara por completo ó perceptor da pensión para toda profesión ou oficio.
- H) As prestacións familiares, pensión e haberes pasivos de orfandade e a favor de netos e irmáns, menores de 22 anos ou incapacitados para todo traballo, percibidos dos réximes públicos da Seguridade Social e clases pasivas.
- I) As prestacións económicas percibidas de institucións públicas con motivo do acollemento de persoas con discapacidade, maiores de 65 anos ou menores, sexa na modalidade simple, permanente ou preadoptivo, ou as equivalentes.
- J) As anualidades por alimentos percibidas dos pais en virtude de decisión xudicial.

- K) A prestacións por desemprego recoñecidas pola respectiva entidade xestora cando se perciban na modalidade de pago único.
- L) As indemnizacións satisfeitas polas administracións públicas por danos persoais como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos. Os rendementos do traballo derivados das prestacións obtidas en forma de renda polas persoas con discapacidade.
- M) As prestacións económicas públicas vinculadas ó servizo, para coidados no entorno familiar e de asistencia persoalizada que se derivan da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- N) As prestacións e axudas familiares percibidas de calquera das Administracións Públicas, xa sexan vinculadas ao nacemento, adopción, acollemento, ou coidado de fillos menores.

Ademais, a Lei contempla unha serie de reducións na base impoñible para persoas con discapacidade:

- Reducións aplicables ós rendementos do traballo.
- Redución para o contribuínte e por descendentes.
- Dedución por adecuación da súa vivenda habitual.
- Plans de pensións e mutualidades.
- Redución por gastos de asistencia ás persoas con discapacidade.

Información

O Axencia Tributaria. Tlf: 901 335 533

5.4. IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)

Ás persoas con discapacidade aplícaselles nas súas compras ou recepción de servizos os seguintes tipos:

- Tipo do 7%, para adquisición de aparatos complementarios, gafas, lentillas, etc. Que só poden destinarse a suplir deficiencias físicas.
- Tipo de 4% para:
 - a. Todas as operacións de entregas, adquisicións intracomunitarias ou importacións de:
 - Vehículos para persoas con mobilidade reducida.
 - Vehículos destinados a ser utilizados como autotaxis ou autoturismos especiais para o transporte de persoas con discapacidade en cadeira de rodas, ben directamente ou previa a súa adaptación, así como os vehículos a motor que, previa adaptación ou non, deban transportar habitualmente a persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida, con independencia de quen sexa o condutor dos mesmos.

- b. Os servizos de reparación dos vehículos e das cadeiras de rodas para persoas con mobilidade reducida e os servizos de adaptación dos autotaxis e autoturismos para persoas con minusvalías e dos vehículos a motor que deban transportar habitualmente a persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida, con independencia de quen sexa o conductor dos mesmos.
 - c. Adquisición de próteses, órteses e implantes internos.
- Tipo do 16% para a adquisición dos demais vehículos e as súas correspondentes adaptacións e reparacións.

Información

O Axencia Tributaria. Tlf: 901 200 345

5.5. IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO.



É un tributo de carácter directo e natureza persoal que ten por obxecto o gravame do patrimonio neto das persoas físicas, entendido este como o conxunto de bens dereitos de contido económico de quen sexa titular. O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 108.200€. No caso de que a persoa contribuínte sexa discapacitada física, psíquica ou sensorial cun grao igual ou superior ó 65%, este mínimo exento será de 216.400€.

Información

O Consellería de Economía e Facenda
Edificios administrativos – San Caetano, s/n 15781
Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 41 19 Fax: 981 54 41 25
Correo electrónico: secretaria.xeral@xuntaeco.org

5.6. IMPOSTO SOBRE SUCESIONES E DOAZÓNS.



Tributo de carácter directo, que grava os incrementos patrimoniais obtidos a título gratuito por persoas físicas, como consecuencia de adquisicións de bens de dereitos por:

1. Herdanza, legado ou calquera título sucesorio ("mortis causa")
2. Doazóns ou outro negocio xurídico "inter vivos".

1. Nas adquisicións "mortis causa" aplicaráselles ás persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ó 33% e inferior ó 65% unha redución de 47.858,59€ na base imponible, independentemente da que puidera corresponderlle en función do grao de parentesco co causante. Así mesmo, a redución será de 150.253,03 € para aquelas persoas que acrediten un grao de minusvalía igual ou superior ó 65%.
2. Nas transmisións "inter vivos" a favor do cónxuxe, descendente ou adoptado (transmisión de empresa, negocio individual, negocio profesional ou participacións en entidades): redución da base imponible do 95 % do valor da adquisición, sempre que o donante se atope en situación de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez.

Información

- O Consellería de Economía e Facenda
Edificios administrativos – San Caetano, s/n 15781
Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 41 19 Fax: 981 54 41 25
Correo electrónico: secretaria.xeral@xuntaeco.org

5.7. EXENCIÓN DO IMPOSTO DE MATRICULACIÓN

Están exentos do imposto da primeira matriculación definitiva os vehículos automóbiles a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, sempre que concorran os seguintes requisitos.

Requisitos

- Que transcurran polo menos 4 anos dende a matriculación doutro vehículo en análogas condicións. Non obstante, este requisito non se esixirá en supostos de sinistro total dos vehículos, debidamente acreditado.

- Que non sexan obxecto dunha transmisión "inter vivos" durante o prazo dos 4 anos seguintes á data da súa matriculación.

Información

- 0 Xefaturas de Tráfico (VER ANEXO V)

5.8. EXENCIÓN DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Beneficiarios

Vehículos matriculados a nome de persoas con minusvalía para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte.

Terán a consideración de persoas con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%.

Información

- 0 **Vigo**
Negociado de Vehículos e Taxas Vía Pública (Administración de Tributos)
Concello de Vigo
Praza do Rei 1 - Planta Baixa
36202 Vigo
Teléfono: 986 810 115
- 0 **Santiago de Compostela**
Atención ó contribuínte
Rúa Presidente Salvador Allende, 4-baixo
981 542 384
- 0 **Ourense**
Servizo de Facenda
Praza Maior nº 1 baixo CP:32005 Ourense
- 0 **A Coruña**
Rexistro da Área Económica.
C/ Franja. A Coruña
- 0 **Ferrol**
Concello de Ferrol (Rexistro Xeral)
Praza de Armas s/n CP: 15402 Ferrol
- 0 **Concellos de residencia.**

6. FORMACIÓN E EMPREGO

6.1. VANTAXES NA EDUCACIÓN.

1. Maior puntuación nas solicitudes de admisión de alumnos en centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos (existencia da minusvalía no alumno, pais ou irmáns).
2. Acceso á reserva do 3% das prazas en cada un dos centros docentes universitarios, para aquelas persoas con necesidades educativas especiais e cun grao de minusvalía igual ou superior ó 33%.
3. Exención dos límites de idade de ingreso e permanencia nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ós nenos e nenas con minusvalía física, psíquica ou sensorial.
4. O ingreso dos nenos e nenas con discapacidade nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar estará supeditado á existencia de condicións infraestructurais idóneas e de persoal axeitado e suficiente no centro.
5. Acceso ós programas de Garantía Social convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
6. Axudas individuais directas para Educación Especial e subsidios de Educación Especial para familias numerosas con fillos con discapacidade ou incapacitados para o traballo. Ámbalas dúas convocadas polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

Información

- 0 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Delegacións Provinciais) (VER ANEXO II)
- 0 Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Delegacións Provinciais)(VER ANEXO III).
- 0 Ministerio de Educación, Política Social e Deporte. Tlf: 902 218 500

6.2. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA PERSOAS DESEMPREGADAS (PLAN FIP)



- Preferencia das persoas con discapacidade para participar nos cursos do plan FIP.
- Percepción da axuda por asistencia ao curso de xeito íntegro (sen desconto dos días de ausencia).
- Percepción dunha axuda do 75% do IPREM en concepto de asistencia a cursos incluídos no itinerario de inserción.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.
Teléfonos: 981 957 370 / 981 545 614

6.3. ESCOLAS OBRADOIRO, CASAS DE OFICIO E OBRADOIROS DE EMPREGO.



As Escolas Obradoiro, Casas de Oficio e Obradoiros de emprego poden definirse como unidades de carácter temporal nas que a aprendizaxe e a cualificación se alternan co traballo produtivo en actividades relacionadas con:

A recuperación ou promoción do patrimonio artístico, histórico, cultural ou natural. A rehabilitación de contornos urbanos ou do medio ambiente.

A recuperación e acondicionamento de infraestruturas de titularidade pública como base para os centros de iniciativa empresarial. Calquera outra actividade de carácter público ou social que permita a inserción a través da adquisición de experiencia profesional dos participantes

Destinatarios

- Persoas desempregadas maiores de 16 e menores de 25 anos. Terán preferencia aquelas persoas que non teñan experiencia laboral ou que levan máis de seis meses anotadas no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Preferencia das persoas con discapacidade na selección do alumnado. Ter un 33% ou máis de discapacidade ou ser pensionista da Seguridade Social por incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez), ou ben ter recoñecida unha pensión de clases pasivas de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Promoción de Emprego.
Teléfono: 981 547 225

6.4. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS.

Estas accións formativas teñen como finalidade tanto a mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas, calquera que sexa o sector ou rama de actividade en que prestan os seus servizos.

Beneficiarios

- Persoas en activo
- Preferencia das persoas con discapacidade para participar nos cursos. Acreditar un 33% de discapacidade ou máis ou ser pensionista da Seguridade Social por incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez), ou ben ter recoñecida unha pensión de clases pasivas de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.

Aquelas entidades que desenvolvan accións formativas dirixidas ó alumnado con discapacidade recibirán un incremento (35%) do importe do total para financiar o persoal de apoio, a adaptación curricular ou o material didáctico.

Información

- 0 Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Formación e Colocación.
Teléfonos: 981 957 370 / 981 545 614

6.5. RESERVA LEGAL DE TRABALLADORES NA EMPRESA PRIVADA

Obriga legal das empresas públicas e privadas que conteñen no seu cadro de persoal 50 ou máis traballadores, a reservar unha cota non inferior ó 2% para incorporar a traballadores/as con discapacidade.

Información

- 0 Servizo público de emprego. Tlf: 902 125 000

6.6. EMPREGO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Obriga da Administración pública de reservar como mínimo o 5% no caso da Administración estatal, e o 7% da Administración autonómica das prazas que constitúen a oferta pública de emprego para persoas con discapacidade.
- Exención do pagamento das taxas dos exames de oposición.

- Adaptacións para a realización das probas: de tempo, espazo, acústicas, medios etc.
- Adaptación do posto de traballo.

Requisitos

- Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ó 33%.
- Acreditar a compatibilidade de discapacidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes ó posto de traballo.

Información

- 0 Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
Dirección Xeral de Función Pública. Tlf: 981 544 294 / 981 544 299

6.7. FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA EMPRESA ORDINARIA.

É unha subvención que consiste en incentivar a contratación indefinida de traballadores e traballadoras con discapacidade desempregados/as no sistema ordinario de traballo.

Poderán solicitar esta subvención as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que contraten traballadores/as con discapacidade para prestaren servizos en centros de traballo situados en Galicia.

Percibirán axudas

1. Pola contratación indefinida a xornada completa de traballadores e traballadoras cunha discapacidade igual ou superior ó 33% desempregados/as e inscritos no Servizo Público de Emprego no momento da contratación.
2. Percibirán un incentivo adicional se o traballador ten un grao de discapacidade superior ó 49 % ou, no suposto das persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual cun grao igual ou superior ao 33%.
3. Percibirán un incentivo, adicional ós anteriores, de ata 600 euros, no caso da contratación dunha muller.
4. Disporán dunha subvención, compatible coas anteriores, para a adaptación dos postos de traballo ou a dotación de equipos de protección persoal ou para eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo dos traballadores con discapacidade. Esta axuda, se non é solicitada pola empresa, poderá ser solicitada polo propio traballador.
5. Serán obxecto das subvencións e, se é o caso, dos incentivos adicionais establecidos no punto anterior, as transformacións en indefinidos de contratos formativos e de contratos temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade.

6. As empresas colaboradoras que contraten con carácter indefinido a un traballador con discapacidade do enclave laboral:
 - o Nos supostos das persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual, cun grao de minusvalía igual ou superior ó 33%, ou persoas con discapacidade física ou sensorial, cun grao de minusvalía recoñecido igual ou superior ó 65% poderán obter axudas:
 - a. Por cada traballador contratado a xornada completa.
 - b. Para a adaptación de postos de traballo, dotación de equipos de protección persoal ou eliminación de barreiras (compatible coa anterior)
 - o No caso de contratación doutros traballadores con discapacidade do enclave non incluídos nos supostos anteriores, as axudas serán as establecidas no nº 1,2,3 e 4.
7. Cando a contratación se realice a tempo parcial as subvencións e os incentivos adicionais reduciranse proporcionalmente á xornada pactada.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Promoción do Emprego. .
R/ San Lázaro s/n C.P. 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf: 981 544 614/ 981 544 612 <http://traballo.xunta.es>
www.tecnicosempregogalicia.xunta.es
- O Instituto Nacional de Emprego. Tel.: 981 544 682

6.8. FOMENTO DA CONTRATACIÓN TEMPORAL

As empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que contraten temporalmente traballadores/as con discapacidade para prestaren servizos en centros de traballo situados en Galicia poderán beneficiarse de bonificacións nas cotas á Seguridade Social (a contía variará en función da severidade da discapacidade, así como da idade e o sexo do traballador).

Requisitos do contratado/a

- Ter un 33% ou máis de discapacidade ou ser pensionista da Seguridade Social por incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez), ou ben ter recoñecida unha pensión de clases pasivas de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.
- Atoparse en desemprego, inscrito na oficina de emprego correspondente.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Promoción do Emprego. .
R/ San Lázaro s/n C.P. 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf: 981 544 614/ 981 544 612
- O Instituto Nacional de Emprego. Teléfono: 902 125 000

6.9. FOMENTO DA CONTRATACIÓN INTERINA.

As empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que contraten de forma interina a traballadores/as con discapacidade para prestaren servizos en centros de traballo situados en Galicia poderán beneficiarse de **bonificación do 100% das cotas empresariais á Seguridade Social**, incluídas as de accidentes de traballo, de enfermidades profesionais e nas achegas empresariais das cotas conxuntas.

Requisitos do/a contratado/a

- Acreditar un 33% ou máis de discapacidade.
- Figurar inscrito na oficina de emprego correspondente.
- Substituír a persoas traballadoras con discapacidade que teñan suspendido o contrato por incapacidade temporal.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
R/ San Lázaro s/n C.P. 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Tlf: 981 544 614 / 981 544 612

6.10. FOMENTO DA CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS.

As empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que contraten en prácticas a traballadores/as con discapacidade para prestaren servizos en centros de traballo situados en Galicia poderán beneficiarse dunha redución durante a vixencia do contrato, a tempo completo ou parcial, do 50% da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns. Tamén gozarán dunha subvención para a adaptación de postos de traballo e eliminación de barreiras arquitectónicas (cando se trate de contratos de duración superior a 12 meses).

Requisitos do/a contratado/a

- Acreditar un 33% ou máis de discapacidade ou ser pensionista da Seguridade Social por incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez) ou ben ter recoñecida unha pensión de clases pasivas de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.
- Figurar inscrito/a como demandante de emprego na oficina de emprego e non ter esgotado o prazo de 6 anos desde o remate dos estudos.
- Acreditar unha titulación determinada.

Información

O Instituto Nacional de Emprego. Teléfono: 902 125 000

6.11. FOMENTO DA CONTRATACIÓN EN FORMACIÓN

As empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que realicen contratos en formación a traballadores/as con discapacidade para prestaren servizos en centros de traballo situados en Galicia poderán beneficiarse de bonificación do 50% das cotas empresariais á Seguridade Social. Tamén se beneficiarán dunha subvención para a adaptación de postos de traballo e eliminación de barreiras arquitectónicas, cando se trate de contratos de duración superior a 12 meses).

Requisitos do/a contratado/a

- Ter un 33% ou máis de discapacidade ou ser pensionista da Seguridade Social por incapacidade permanente (total, absoluta o grande invalidez), ou ben ter recoñecida unha pensión de clases pasivas de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.
- Figurar inscrito como demandante de emprego na oficina de emprego correspondente.
- Non posuír a titulación necesaria para formalizar un contrato en prácticas.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
R/ San Lázaro s/n C.P. 15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981 544 614 / 981 544 612
- O Instituto Nacional de Emprego. Teléfono: 902 125 000

6.12. PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Aquelas persoas con discapacidade que cumpran os requisitos esixidos e que queiran constituírse como traballador/a autónomo poderán optar ás axudas que presta a Consellería de Traballo.

- Subvención polo establecemento como traballador/a autónomo/a: o importe varía en función do sexo da persoa traballadora.
- Subvención financeira: o importe varía en función do sexo da persoa traballadora.
- Subvención para asistencia técnica: 75% do custo dos servizos prestados.
- Subvención para formación: 75% do custo dos cursos recibidos.
- Axuda excepcional para os primeiros gastos da actividade para persoas con discapacidade.
- Bonificación do 50% da base mínima da cotización á Seguridade Social durante 5 anos.

Requisitos

- Ter recoñecido un 33% ou máis de discapacidade, ou ser pensionista da Seguridade Social por incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez), ou ben ter recoñecida unha pensión de clases pasivas de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.
- Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego.

Información

- 0 Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
R/ San Lázaro s/n C.P. 15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981 544 614/ 981 544 612
- 0 Delegacións provinciais www.tecnicosempregogalicia.xunta.es
- 0 Instituto Nacional de Emprego.
Teléfonos: 981 957 727 / 981 544 582 / 981 544 716

6.13. EMPREGO CON APOIO



Consiste no fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, mediante subvencións ós promotores de proxectos con apoio, para financiar os custos laborais e de Seguridade Social dos preparadores laborais contratados para levar a cabo as accións de apoio ás persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción nos centros de traballo de Galicia.

Enténdese por emprego con apoio o conxunto de accións de orientación e acompañamento individualizado no posto de traballo, prestadas por preparadores laborais especializados, que teñen por obxecto facilitar a adaptación social e laboral de traballadores con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo en condicións similares ó resto dos traballadores que desempeñan postos equivalentes. As accións de emprego con apoio desenvolveranse no marco de proxectos de emprego con apoio, nos cales deberán recollerse, polo menos, as seguintes accións:

- a. Orientación, asesoramento e acompañamento á persoa con discapacidade, elaborando para cada traballador un programa de adaptación ó posto de traballo.
- b. Labores de acercamento e mutua axuda entre o traballador beneficiario do programa de emprego con apoio, o empregador e o persoal da empresa que comparta tarefas co traballador con discapacidade.
- c. Apoio ó traballador no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias, de modo que poida relacionarse co contorno laboral nas mellores condicións.
- d. Adestramento específico do traballador con discapacidade nas tarefas inherentes ó posto de traballo.
- e. Seguimento do traballador e avaliación do proceso de inserción no posto de traballo. Estas accións terán por obxecto a detección de necesidades e a prevención de posibles ameazas ou riscos, tanto para o traballador como para a empresa que o contrata, que poñan en perigo o obxectivo de inserción e permanencia no emprego.
- f. Asesoramento e información á empresa sobre as necesidades e procesos de adaptación do posto de traballo.

Requisitos

- Figurar inscrito como demandante de emprego na oficina correspondente ou contratados/as por centros especiais de emprego, sempre que, en ámbolos dous casos, se atopen nalgún dos supostos seguintes:
 - a. Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ó 33%.
 - b. Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ó 65%.
 - c. Persoas xordas ou con discapacidade auditiva, cun grao de minusvalidez recoñecido igual ou superior ó 33%.

Os traballadores deberán ser contratados por unha empresa do mercado ordinario de traballo para seren empregados efectivamente na organización produtiva da empresa mediante un contrato indefinido ou de duración determinada, sempre que a duración do contrato sexa, neste caso, como mínimo de seis meses. No suposto de contratación a tempo parcial, a xornada de traballo será polo menos do 50% da xornada dun traballador a tempo completo comparable.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais.
Tel.: 981 957 745

6.14. EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

Consiste en fomentar a incorporación do persoal desempregado e traballadores/as con carácter temporal, como socios e socias traballadores/as ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

Requisitos

- Acreditar un 33% ou máis de discapacidade.
- Atoparse en desemprego, inscrito no Servizo Galego de Colocación, no intre de adquirir a condición de socio/a.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais.
Tel.: 981 957 745

6.15. CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO.

Os Centros Especiais de Emprego, son institucións de integración laboral e se consideran elementos básicos integradores no mundo laboral das persoas con discapacidade, cando polas súas circunstancias de orden persoal, consecuentes coa súa discapacidade, non poidan exercer unha actividade laboral nas condicións habituais.

Os Centros Especiais de Emprego son empresas cuxo obxectivo principal é o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e cuxa finalidade é asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade.

Características

- Pode ser titular dun Centro Especial de Emprego calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, incluso comunidade de bens, con capacidade xurídica e de obrar para ser empresario (sociedades mercantís, asociacións, fundacións, etc.)
- O seu cadro de persoal ten que estar formado ó menos nun 70 % por persoas con minusvalía cunha redución de, ó menos, un 33 % da súa capacidade para o traballo, sen perxuízo das prazas no cadro do persoal non minusválido imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade.
- Os Centros Especiais de Emprego concíbense como un medio de integración laboral das persoas con discapacidade nas empresas ordinarias, fin primordial da política de integración laboral deste sector, polo que a normativa reguladora da materia insiste en que se trata de auténticas empresas que deben suxeitar a súa xestión as mesmas normas e requisitos que afecten a calquera empresa do sector ó que pertencen.

Os Centros Especiais de Emprego obteñen os recursos para a súa financiación, ademais dos que procedan do desenvolvemento da súa actividade económica, das axudas procedentes da Administración Pública.

As axudas máis significativas son:

- **Axudas a proxectos xeradores de emprego:** creación de centros, ampliación do cadro de persoal sempre que o beneficiario xustifique adecuadamente a inversión que implica o proxecto para accións consistentes en inversións fixas, financiación parcial de intereses de préstamos e asistencia técnica.
- **Axudas para o mantemento de postos de traballo,** consistentes na subvención de parte do custo e na bonificación do 100 % da cota empresarial á Seguridade Social.

Información

- 0 Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
<http://traballo.xunta.es> www.tecnicosempregogalicia.xunta.es
- 0 Instituto Nacional de Emprego.
Teléfonos: 981 544 682 / 981 544 716

6.16. UNIDADES DE APOIO.

As Unidades de Apoio están formadas por equipos multiprofesionais enmarcados no marco dos Servizos de Axuste Persoal e Profesional dos Centros Especiais de Emprego.

A súa función é detectar as necesidades de apoio mediante o desenvolvemento de funcións para axudarlles a superar as barreiras, os obstáculos ou as dificultades que as persoas traballadoras con discapacidade dos ditos centros teñen no proceso de incorporación a un posto de traballo, así como a permanencia e progresión neste.

Destinatarios das unidades de apoio

- Persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual, con grao de minusvalía igual ou superior ó 33%.
- Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de minusvalía igual ou superior ó 65%.

As Unidades de Apoio poden tamén prestar servizos os traballadores/as con discapacidade do Centro Especial de Emprego non incluídos nos apartados anteriores sen menoscabar a atención dos destinatarios.

Información

- O Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Promoción do Emprego.
<http://traballo.xunta.es> www.tecnicosemprego.galicia.xunta.es
- O Instituto Nacional de Emprego.
Teléfonos: 981 544 682 / 981 544 716.

6.17. REDUCCIÓN DA IDADE DE XUBILACIÓN.

Redución da idade de xubilación das persoas traballadoras cunha discapacidade superior ó 65%, de acordo cuns coeficientes redutores, aplicados ós anos de traballo nos cales presentaba a devandita discapacidade.

A redución da idade ordinaria de xubilación establecida en 65 anos efectuarase dacordo cos seguintes parámetros:

- Cun grao de discapacidade igual ou superior ó 65% por cada 4 anos traballados redúcese a idade de xubilación nun ano que, ademais, compútase como cotizado.
- Cun grao de discapacidade igual ou superior ó 65% e a necesidade do concurso doutra persoa para a realización dos actos esenciais da vida ordinaria, por cada 2 anos traballados redúcese a idade de xubilación nun ano, que, ademais se computa como cotizado.

Información

- O Instituto Nacional da Seguridade Social. Teléfono: 900 166 565

7.VIVENDA

7.1. REXISTRO PÚBLICO DE DEMANDANTES DE VIVENDA PROTEXIDA DE GALICIA.



O Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida de Galicia, pretende ser unha ferramenta para ter de primeira man información rigorosa sobre a demanda de vivenda protexida en toda a nosa Comunidade Autónoma e permitirá evitar irregularidades na compravenda de vivenda protexida, xa que os promotores terán que vender os pisos ás persoas que indique a Consellería, tras o prescriptivo sorteo entre os inscritos no Rexistro.

Deberán inscribirse no Rexistro as persoas ou unidades familiares ou convivenciais que desexen optar a unha vivenda de protección autonómica ou de promoción pública, e especificarase se é o caso, a condición de mobilidade reducida ou discapacidade.

Para cada promoción de vivendas protexidas farase un sorteo que inclúe unha quenda para as vivendas adaptadas ás que optarán as persoas con mobilidade reducida e outra quenda para persoas con discapacidade ou familias con dependentes ó seu cargo inscritas.

Información

- O Consellería de Vivenda e Solo. Delegacións provinciais. (ANEXO VI)
www.conselleriavivenda.xunta.es Tel.: 902 100 054

7.2. AXUDAS Á PROMOCIÓN E ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA (2005-2008).

A Consellería de Vivenda e Solo no seu esforzo de favorecer o acceso a toda a cidadanía a unha vivenda de calidade puxo en marcha a través do Plan de Vivenda 2005-2008 diferentes iniciativas e programas que supoñen unha oferta o suficientemente diversa para cubrir a demanda de todos os sectores sociais.

VANTAXES PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Atención preferente ós colectivos máis necesitados, incrementando as axudas para a adquisición da primeira vivenda de calidade a chabolistas e emigrantes retornados, a adquirentes con baixos ingresos, ás familias monoparentais, ás familias con persoas con discapacidade, ós maiores e

familias cun maior a cargo e por primeira vez as vítimas da violencia de xénero ou do terrorismo.

- O límite de ingresos é máis amplo nos casos de discapacidade.
- O importe da subvención é maior para as persoas con discapacidade.
- As dimensións da vivenda poden chegar ós 108 metros cadrados cando sexan para persoas con mobilidade reducida. A prohibición de transmisión intervivos ou de cesión da vivenda durante 10 anos non lle é aplicable.

Requisitos

- Cumprir os requisitos xerais establecidos na normativa vixente.
- Acreditar unha discapacidade igual ou superior ó 33% ou ser pensionista de incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez) da Seguridade Social), ou ben ter recoñecida unha pensión de clases pasivas de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo.
- Acreditar mobilidade reducida no caso de necesidade de espazos máis amplos.
- Estar inscritos no rexistro de demandantes de vivendas protexida de Galicia (para os efectos de merca de vivenda de protección autonómica)

Información

- O Consellería de Vivenda e Solo. Delegacións provinciais. (ANEXO VI)
www.conselleriavivenda.xunta.es Tel.: 902 100 054

7.3. AXUDA ESTATAL DIRECTA Á ENTRADA (AEDE)

A axuda estatal directa á entrada (AEDE), está destinada a facilitar o pagamento daquela parte do prezo da vivenda que non é financiada mediante o préstamo convido. A cuantía desta axuda depende dos ingresos familiares, así como, no seu caso, doutras circunstancias persoais ou familiares do solicitante (baixos ingresos económicos, familia numerosa, familias monoparentais, unidades familiares nas que haxa unha persoa con discapacidade...).

Información

- O Consellería de Vivenda e Solo. Delegacións provinciais. (ANEXO VI)
www.conselleriavivenda.xunta.es Tel.: 902 100 054

7.4. PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER.

Poderán beneficiarse do programa de vivenda en aluguer as persoas, unidades familiares ou de convivencia cuxos ingresos anuais estean comprendidos entre uns límites de ingresos establecidos, ou inferiores, no caso de encontrarse nunha situación de risco de exclusión social, sempre que teñan ingresos mínimos ou perciban axudas suficientes para poder pagar a parte de aluguer non subvencionado. Considéranse ingresos anuais os de todos os ocupantes da vivenda. Non poderán ser propietarios nin titulares dun dereito real de uso ou disfrute sobre outra vivenda, agás excepcións xustificadas, como o caso de mulleres vítimas de violencia de xénero que teñan acreditada esta condición, ou agás que sendo unha vivenda libre, esta se atope situada noutra localidade diferente á da vivenda alugada pola beneficiaria da axuda. Terán prioridade na adxudicación das vivendas os solicitantes pertencentes ós seguintes colectivos, que terán a consideración de beneficiarios cualificados:

- a. Mulleres que acrediten ser vítimas de violencia de xénero.
- b. Persoas, unidades familiares ou convivencias con ingresos ponderados inferiores a 0,7 veces o IPREM.
- c. Persoas con discapacidade recoñecida oficialmente.
- d. Familias numerosas, e persoas maiores de 65 anos.
- e. Familias monoparentais.

Axudas

Subvencionarase a diferenza entre a renda anual do aluguer e o 20% dos ingresos ponderados anuais da persoa, unidade familiar ou convivencial. Se o importe anual da renda de aluguer non supera o 20% dos ingresos ponderados non procederá a subvención. Para os beneficiarios cualificados a subvención será a porcentaxe fixada para cada un dos colectivos. As persoas, unidades familiares, ou de convivencia que formalicen un arrendamento de vivenda no marco deste programa, poderánselles adxudicar vivendas cunha renda mensual máxima e unha subvención máxima, segundo os seus ingresos ponderados. A subvención terá unha duración de 12 meses, podendo solicitarse unha nova axuda cando finalice o período, sempre que se sigan cumprindo os requisitos. En ningún caso se poderán desfrutar subvencións ó arrendamento por períodos superiores a cinco anos. De esgotar este tope máximo non poderán volver a solicitar nova subvención ata pasados 2 anos. Os/as beneficiarios/as deberán destinar a vivenda alugada á súa residencia habitual e permanente.

Información

- O Consellería de Vivenda e Solo. Delegacións Provinciais.
Tel.: 902 100 054 (VER ANEXO VI)

7.5. DEREITOS DOS ARRENDATARIOS CON DISCAPACIDADE.

O inquilino pode realizar obras de adaptación da vivenda á súa discapacidade ou á da súa parella ou familiares cos que conviva. Ao termo do contrato, deberá repoñer a vivenda a situación anterior, se así llo esixe o propietario.

Dereito a continuar co contrato de arrendamento no caso de que o arrendatario faleza e algún dos membros da unidade familiar presente unha discapacidade igual ou superior ó 65%.

Requisitos

- Acreditar unha discapacidade igual ou superior ó 33% (o inquilino ou calquera dos convivintes).
- Ter un grao de discapacidade igual ou superior ó 65% no caso de sucesión do arrendamento.

Información

- O Consellería de Vivenda e Solo. Delegacións Provinciais.
Tel.: 902 100 054 (VER ANEXO VI)

7.6. REHABILITACIÓN ILLADA DUN EDIFICIO DE VIVENDAS.

Requisitos do edificio

- Que o edificio non se atope incluído nunca área declarada de rehabilitación integral ou de centro histórico; os edificios incluídos en áreas de rehabilitación teñen outras axudas incompatibles con estas, das que nas oficinas municipais das áreas de rehabilitación dan información.
- Que o edificio teña polo menos un 50% da súa superficie útil existente ou resultante das obras destinado ó uso de vivenda e que as obras que se pretenden realizar teñan por obxecto:
 1. Mellorar as condicións de accesibilidade, suprimindo barreiras de todo tipo, así como adecuar o edificio ás necesidades específicas de persoas con discapacidade e persoas maiores de 65 anos.
 2. Reducción do consumo enerxético a través de melloras na envolvente do edificio, aumentando o rendemento das instalacións térmicas.
 3. Garanti-la seguridade estrutural e a estanquidade fronte a choiva. Neste caso o edificio deberá ter unha antigüidade superior a 15 anos

- O edificio deberá ter unha antigüidade maior de 15 anos excepto cando se trate de:
 1. Obras de adecuación funcional dos edificios que teñan por finalidade suprimir barreiras de todo tipo e promover a accesibilidade das persoas con discapacidade e maiores de 65 anos.
 2. Obras necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicable, cando esta última entrou en vigor con posterioridade á terminación do edificio.
 3. Obras que teñan por obxecto a redución do consumo enerxético

Información

- O Consellería de Vivenda e Solo. Delegacións Provinciais.
Tel.: 902 100 054 (VER ANEXO VI)

7.7. AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ACONDICIONAMENTO DE VIVENDAS.

Destinatarios

Os concellos da Provincia de Pontevedra, como entidades colaboradoras para os seus beneficiarios que reúnan os requisitos.

Tipos de axudas

1. Axudas únicas ou complementarias para acondicionamento de vivenda que non reúna condicións de habitabilidade por falta ou deterioro de instalacións ou necesidade de reformas que posibiliten o mantemento dunhas condicións básicas de hixiene e salubridade, proporcionando seguridade no entorno doméstico.
2. Axudas únicas ou complementarias para equipamento básico de primeira necesidade para a vivenda habitual.
3. Adaptación da vivenda para uso de persoas en situación de dependencia e eliminación de barreiras.

Aportacións

Os Concellos interesados en beneficiarse desta Convocatoria deberán participar economicamente na mesma aportando unha porcentaxe da cantidade total. Dita porcentaxe será proporcional a poboación do municipio.

Beneficiarios das axudas

Poderán ser beneficiarias aquelas familias que estean empadroadas ou teñan residencia efectiva en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra e que reúnan os seguintes requisitos:

- Que a vivenda para a que se solicita a axuda (primeira vivenda) sexa propiedade do solicitante e do seu cónxuxe ou parella, dos pais dos mesmos cando formen unha unidade de convivencia, ou cando exista un contrato de usufructo en favor dos solicitantes.
- Non ter dereito a outras axudas oficiais establecidas para o mesmo fin, salvo que se acorde establecela como complementaria debendo quedar reflectido no informe da traballadora social.
- Que os seus ingresos se axusten ó baremo establecido.

Ingresos da unidade familiar

Téñense en conta os ingresos por tódolos conceptos (salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais), descontando gastos derivados de enfermidade crónica, discapacidades que xeneren gastos extraordinarios, créditos hipotecarios e gastos derivados de situacións de emerxencia. De superar o baremo establecido non se terá dereito á axuda.

Información

- 0 Servizos Sociais do Concello de residencia (sempre e cando pertenza á Provincia de Pontevedra).

7.8. OBRAS DE ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS.



- Obriga da comunidade de propietarios de realizar as obras de mellora de accesibilidade dos elementos comúns, cuxo importe non supere 3 mensualidades de gastos comúns.
- Se o importe é superior a 3 mensualidades, será necesario o voto favorable da maioría dos propietarios que, á súa vez, representen a maioría das cotas de participación.

Requisitos

- Que no edificio residan ou presten os seus servizos, retribuídos ou altruístas, persoas con discapacidade ou maiores de 70 anos.

Información

- 0 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Delegacións Provinciais). (VER ANEXO II)
Servizo de Equipamentos e Promoción da Accesibilidade.
- 0 Consellería de Vivenda e Solo. Delegacións provinciais.
Tel.: 902 100 054 (VER ANEXO VI)

8. LEI 39 2006 DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

8.1. CATÁLOGO DE SERVIZOS DA LEI DE DEPENDENCIA



Estes servizos terán carácter prioritario respecto das prestacións económicas e prestaranse a través dos centros e servizos de carácter público, así como a través dos centros e servizos privados concertados debidamente acreditados. A prioridade no acceso ós servizos virá determinada polo grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel, pola capacidade económica do/da solicitante. Ata que a rede de servizos estea totalmente implantada, as persoas en situación de dependencia que non poidan acceder ós servizos por aplicación do réxime de prioridade sinalado, terán dereito á prestación económica vinculada ó servizo.

Servizo de prevención das situacións de dependencia

Ten como finalidade previr o agravamento do seu grao e nivel de dependencia. Inclúese esta atención nos programas de teleasistencia, axuda a domicilio, dos centros de día e de atención residencial.

Servizo de promoción da autonomía persoal

Teñen como finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias e facilitar a execución das actividades básicas da vida diaria. Son servizos de promoción e autonomía persoal de asesoramento, orientación, asistencia e formación en tecnoloxías de apoio e adaptacións que contribúan a facilitar a realización das actividades da vida diaria, os de rehabilitación, os de terapia ocupacional, así como calquera outros programas de intervención que se establezan coa mesma finalidade.

No que se refire ás persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, en relación a outros apoios para a súa autonomía persoal, estes servizos incluírán actuacións de fomento de habilidades sociais, de lecer participativo e de facilitación da integración no proceso ocupacional-laboral.

Servizo de Teleasistencia

Facilita asistencia ás persoas beneficiarias mediante o uso de tecnoloxías da comunicación e da información, con apoio dos medios persoais necesarios, en resposta inmediata ante situación de emerxencia, ou de inseguridade, soidade e illamento, co fin de favorecer a súa permanencia no seu medio habitual.

Comprende as seguintes medidas:

- Apoio inmediato, a través da liña telefónica, a demandas ante situacións de soidade, angustia, accidentes domésticos, caídas e enfermidades.
- Seguimento permanente dende o centro de atención mediante chamadas telefónicas periódicas.
- Mobilización de recursos ante situacións de emerxencia sanitaria, doméstica ou social.
- Funcións de axenda, co obxecto de lembrarlle á persoa beneficiaria datas importantes sobre a súa saúde, toma de medicacións, realización de xestións ou outras de análoga natureza.

» Intensidade :

Prestarase as 24 horas do día, durante todo o ano, en todos os graos e niveis de dependencia.

Suspenderase temporalmente durante o internamento da persoa beneficiaria nunha institución sanitaria ou durante a súa estadía temporal nun centro residencial.

» Compatibilidade :

O servizo de teleasistencia é compatible con todos os servizos salvo co servizo de atención residencial.

Servizo de axuda no fogar

Está constituído polo conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria e incrementar a súa autonomía, posibilitando a permanencia no seu fogar o maior tempo posible. Comprende as seguintes actuacións:

- a. Atención de carácter persoal na realización das actividades da vida diaria:
 - Apoio e asistencia para erguerse, deitarse, hixiene persoal, vestirse, comer e aquelas outras actividades relacionadas co coidado e a atención persoal, tales como cambios posturais, mobilizacións, orientación temporo-espacial e apoio á incontinencia.

- o Actividades de atención persoal, acompañamento, apoio psicosocial de desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Atención das necesidades domésticas, que poderá comprender as actividades de limpeza da casa, compra de alimentos e produtos de uso común, cociña, lavado, ferro, repaso de roupa e outros.

» Intensidade do servizo de Axuda no Fogar, segundo o grao e nivel de dependencia:

Estará en función do Programa Individual de Atención (PIA) e determinarase en nº de horas mensuais de servizo, segundo grao e nivel:

	Grao III. Gran Dependencia	Grao II Dependencia severa
Nivel 2	70 - 90 horas/mes	40 - 55 horas/mes
Nivel 1	55 - 70 horas/mes	30 - 40 horas/mes

» Compatibilidade:

O servizo de axuda no fogar é compatible cos servizos de teleasistencia, centro de día e centro de noite.

Servizo de Centro de Día e de Noite

Ofrece unha atención integral durante o período diurno ou nocturno ás persoas en situación de dependencia, co obxectivo de mellorar ou manter o mellor nivel posible de autonomía persoal e apoiar ás familias cuidadoras.

Tipoloxía de centros:

- Centros de día para menores de 65 anos
- Centros de día para maiores.
- Centros de día de atención especializada
- Centros de noite, que se adecuarán ás peculiaridades e idades das persoas en situación de dependencia.

» Servizo de centro de día:

Comprende os seguintes servizos e programas de intervención:

- a. Servizos de asistencia nas actividades básicas da vida diaria (ABVD), servizo de manutención, de prevención de asesoramento e orientación para a promoción da autonomía, de atención social, de rehabilitación menor, de atención médica e de enfermaría, de atención psicolóxica, de terapia ocupacional e de rehabilitación funcional.
- b. Programas de intervención especializada.

» Servizo de centro de noite:

Ter por finalidade dar resposta ás necesidades da persoa en situación de dependencia que precise atención durante a noite, e poderase prestar en centros de carácter específico ou en centros residenciais debidamente acreditados para a súa prestación sempre que, neste último suposto, a praza correspondente non estea ocupada ou reservada en réxime residencia ordinario.

» Intensidade do servizo:

Estará en función do servizo do centro que precisa a persoa con dependencia, de acordo co seu programa individual de atención (PIA). O transporte adaptado estará garantido cando polas condicións de mobilidade da persoa sexa necesario para a súa asistencia ó centro de día ou de noite.

O servizo de centro de día e de noite suspenderase temporalmente como consecuencia do internamento da persoa beneficiaria en institucións sanitarias ou sociais. Tales circunstancias deberán ser comunicadas á Delegación Provincial correspondente no prazo de 30 días contados dende o día do internamento.

» Compatibilidade:

Os servizos de centro de día e de centro de noite son compatibles entre sí e tamén cos servizos de teleasistencia e axuda no fogar.

Servizo de Atención residencial

Ofrece unha atención integral e continuada de carácter persoalizado e social ás persoas en situación de dependencia. Este servizo será prestado pola Administración Pública en centros residenciais propios e concertados, habilitados ao efecto segundo o tipo de dependencia, grao da mesma e intensidade de coidados que precise a persoa. Pode ter carácter permanente, cando o centro se converte en residencia habitual da persoa, ou temporal, cando se atendan estadías temporais de convalecencia ou durante vacacións, fins de semana e enfermidades ou períodos de descanso dos coidadores non profesionais.

Comprende os seguintes servizos e programas de intervención:

- a. Servizos de aloxamento, manutención, asistencia nas actividades básicas da vida diaria (ABVD), de prevención, de asesoramento e orientación para a promoción da autonomía, de coordinación cos servizos sanitarios, de rehabilitación funcional e fisioterapia, de atención médica e de enfermaría, de atención psicolóxica, de terapia ocupacional e de logopedia.
- b. Programas de intervención especializada segundo o tipo de discapacidades.

O servizo de estadias temporais en centros residenciais poderase prestar nos centros residenciais debidamente acreditados para o efecto e sempre que a praza correspondente non estea ocupada ou reservada en réxime residencial ordinario.

Tipoloxía de centros:

- Residencias de persoas maiores en situación de dependencia: Prazas en centros propios da Xunta e prazas concertadas.
- Centros de atención a persoas en situación de dependencia en razón dos distintos tipos de discapacidade.

» *Intensidade do servizo:*

Estará en función do servizo do centro que precisa a persoa con dependencia, de acordo co seu programa individual de atención. O servizo de estadias temporais en centro residencial terá unha duración máxima de 45 días ó ano e estará en función da dispoñibilidade de prazas residenciais dispoñibles nos centros e do número de persoas atendidas mediante coidados no entorno familiar.

» *Compatibilidade:*

O servizo de atención residencial é compatible co servizo de centro de día en que se presten servizos de carácter específico que a persoa poida requirir, de acordo co establecido no seu PIA.

Información

- O Servizos Sociais de Atención Primaria.
- O Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Delegacións Provinciais. (VER ANEXO II)

8.2. PRESTACIÓNS ECONÓMICAS DA LEI DE DEPENDENCIA

As prestacións económicas son incompatibles entre si, sen prexuízo do previsto para cada unha delas.

A capacidade económica calcularase en atención á súa renda e patrimonio.

Libranza para a adquisición de servizos

Consiste nunha contía económica de carácter periódico para que a persoa beneficiaria poida contribuir ós custos dos servizos establecidos no catálogo e prestados por entidades privadas titulares de centros ou que desenvolvan programas debidamente acreditados para a atención á dependencia, cando se acredite a inexistencia de prazas axeitadas ás

necesidades da persoa ou non sexa posible o acceso ós servizos públicos ou concertados do sistema (cando non existe un medio de transporte axeitado ás necesidades da persoa ou o afastamento do centro desaconselle o desprazamento dende o seu domicilio).

A libranza poderase destinar á adquisición de dous ou máis servizos segundo a intensidade que se determine no PIA, sempre que estes sexan compatibles.

» Contías **máximas** segundo grao e nivel de dependencia (2008):

- Grao III. Nivel 2: 811,98 €/mes
- Grao III. Nivel 1: 608,98 €/mes
- Grao II. Nivel 2: 450,00 €/mes

» Determinación da contía individual da libranza:

Efectuarase en función da dedicación horaria dos coidados, do seguinte xeito:

- Dedicación completa (160 horas ou máis/mes): percíbese a prestación íntegra.
- Dedicación media (80-159 horas/mes): percíbese a contía da prestación proporcional ó nº de horas.
- Dedicación parcial (menos de 80 horas): percíbese o 50% da prestación.

Corresponden nos tres casos 45 días/ano de respiro

» Compatible con:

- Servizo de teleasistencia.
- Libranza de coidados no contorno familiar durante os períodos de respiro da persoa coidadora.

Libranza para coidados no entorno familiar e apoio a coidadores non profesionais

Consiste nunha contía económica mensual para contribuír á cobertura dos gastos derivados da atención prestada polo coidador non profesional, co obxecto de posibilitar a permanencia da persoa beneficiaria no seu domicilio habitual.

Contempla accións de apoio ós coidadores non profesionais que incorporará programas de formación, información e medidas para atender períodos de descanso.

» Contías máximas segundo grao e nivel de dependencia (2008):

- Grao III. Nivel 2: 506,96 €/mes
- Grao III. Nivel 1: 405,99 €/mes
- Grao II. Nivel 2: 328,36 €/mes

O custo da cotización á Seguridade Social e das accións de formación (153,93 euros) corren a cargo do estado.

» Determinación da contía individual da libranza:

Efectuarase en función da dedicación horaria dos coidados, do seguinte xeito:

- Dedicación completa (160 horas ou máis/mes): percíbese a prestación íntegra.
- Dedicación media (80-159 horas/mes): percíbese a contía da prestación proporcional ao nº de horas.
- Dedicación parcial (menos de 80 horas): percíbese o 50% da prestación.

Corresponden nos tres casos 45 días/ano de respiro

» Compatible con:

- Servizo de teleasistencia.
- Servizos de axuda no fogar, centro de día e de noite e de atención residencial, así como coa libranza vinculada á adquisición dun servizo desta última natureza, durante os períodos de respiro da persoa coidadora.

Prestación económica de asistencia persoal

Consiste nunha contía económica de periodicidade mensual que ten por obxecto proporcionarlles ás persoas beneficiarias en situación de **gran dependencia** recursos económicos que contribúan á cobertura dos gastos derivados da contratación dun asistente persoal que lles facilite o acceso á educación e ó traballo e lles posibilite unha maior autonomía no exercicio das actividades básicas da vida diaria (ABVD).

» Condicións para o acceso:

- a. Que a persoa beneficiaria teña recoñecido o grao de gran dependencia, en calquera dos seus niveis.
- b. Que a persoa beneficiaria teña capacidade para determinar os servizos que require, para exercer o seu control e impartir instrucións ó asistente persoal de como levalos a cabo.
- c. Que o Programa individual de atención da persoa beneficiaria determine a adecuación desta prestación.

- d. Que a persoa encargada da asistencia persoal preste os seus servizos mediante contrato con empresa prestadora destes servizos, ou directamente mediante contrato laboral ou de prestación de servizos coa persoa beneficiaria, no cal se incluírán as condicións e directrices para a prestación do servizo propostas pola persoa beneficiaria e, de ser o caso, a cláusula de confidencialidade que se estableza.

» Contías máximas segundo grao e nivel (2008):

- Grao III. Nivel 2: 811,98 €/mes
- Grao III. Nivel 1: 608,98 €/mes

» Determinación da contía individual da libranza:

Efectuarase en función da dedicación horaria dos coidados, do seguinte xeito:

- Dedicación completa (160 horas ou máis/mes): percíbese a prestación íntegra.
- Dedicación media (80-159 horas/mes): percíbese a contía da prestación proporcional ao nº de horas.
- Dedicación parcial (menos de 80 horas): percíbese o 50% da prestación.

Corresponden nos tres casos 45 días/ano de respiro

» Compatible con:

- Servizo de teleasistencia.
- Servizo de axuda no fogar, centro de día e de noite e atención residencial, durante os períodos de respiro da persoa asistente.

Dedución de prestacións de análoga natureza e finalidade

A percepción dunha destas prestacións económicas deducirá da súa contía calquera outra prestación establecida nos rexímenes públicos de protección social. En particular deduciranse:

- O complemento de gran invalidez.
- O complemento da asignación económica por fillo a cargo maior de 18 anos cun grao minusvalía igual ou superior ao 75%.
- O complemento por necesidade de 3ª persoa da PNC.
- O subsidio de axuda a 3ª persoa da LISMI.

Información

- O Servizos Sociais de Atención Primaria.
- O Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Delegacións Provinciais. (VER ANEXO II)

8.3. AXUDAS ECONÓMICAS PARA FACILITAR A AUTONOMÍA PERSOAL.

O Estado e a Xunta poderán, de conformidade coas súas dispoñibilidades orzamentarias, establecer acordos específicos para a concesión de axudas económicas co fin de facilitar a autonomía persoal. Estas axudas terán a condición de subvencións e irán destinadas a:

- a. Apoiar á persoa con axudas técnicas ou instrumentos necesarios para o normal desenvolvemento da súa vida ordinaria.
- b. A facilitar a accesibilidade e adaptacións no fogar que contribúan a mellorar a súa capacidade de desprazamento na vivenda.

Información

- O Servizos Sociais de Atención Primaria.
- O Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Delegacións Provinciais. (VER ANEXO II)

8.4. ATENCIÓNES ESPECÍFICAS PARA MENORES DE 3 ANOS.

Concepto

Sen prexuízo dos servizos establecidos nos ámbitos educativo e sanitario, o SAAD atenderá as necesidades de axuda a domicilio e, no seu caso, prestacións económicas vinculadas e para coidados no entorno familiar a prol dos menores de 3 anos acreditados en situación de dependencia.

- existe unha escala de valoración específica para menores de 3 anos (EVE).
- establécense revisións de oficio periódicas ós 6, 12, 18, 24 e 30 meses.

Información

- O Servizos Sociais de Atención Primaria.
- O Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Delegacións Provinciais. (VER ANEXO II)

9. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

9.1. TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.



Concederáselle ás persoas con graves problemas de mobilidade que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polos equipos de valoración e orientación (EVO), como documento acreditativo da súa situación, con carácter persoal e intransferible, coa finalidade de favorecer o uso e disfrute dos transportes privados, facilitando o seu estacionamento.

Cando o titular sexa unha persoa física poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa o titular da tarxeta o conductor do vehículo ou non. Cando a titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a/as matrículas dos vehículos habilitados para transportar as persoas con graves problemas de mobilidade. Cando se faga uso dos dereitos que outorga esta tarxeta colocárase nun lugar visible do vehículo.

Información

O Servizos Sociais do Concello de residencia.

9.2. TARXETA DE ACCESIBILIDADE

Concederáse ás persoas con algunha limitación e que teñan recoñecida a minusvalía polo EVO, con carácter persoal e intransferible, como documento acreditativo da súa situación de discapacidade, para favorecer o uso e disfrute dos transportes públicos.


Información

O Servizos Sociais do Concello de residencia.

9.3. BONO BUS

Son descontos por viaxes en transportes públicos que ofertan algúns concellos ó colectivo de persoas con discapacidade. A información atópase nas empresas dedicadas ó transporte público urbano do concello no que se resida.

9.4. TARXETA DOURADA DE RENFE.



Con esta tarxeta obterá reducións do coste en viaxes rexionais, cercanías, AVE e longo percorrido.

Requisitos

- Ser pensionista maior de 18 anos en situación de incapacidade física ou psíquica (as persoas con minusvalía sensorial poden acceder a outra modalidade a través dun convenio entre RENFE e a ONCE), permanente total, absoluta ou grande invalidez, formalmente declarada cun grao igual ou superior ó 65%.

A Tarxeta Dourada, cunha validez anual, pódese adquirir en estacións de Renfe, Oficinas de Ventas e Axencias de Viaxes por 5 €.

Beneficios

Os luns, martes, mércores e xoves beneficiase dun 40% de desconto. Os venres, sábados e domingos, así como para billetes que non se obtiveran en venta anticipada e con reserva o desconto será do 25%. Emitírase unha tarxeta coa impresión "Y ACOMPAÑANTE" que permite viaxar a outra persoa gozando das mesmas condicións de desconto.

Información

- 0 Estacións de Renfe, Oficinas de Ventas e Axencias de Viaxes.

9.5. ABONO SOCIAL DE TELEFÓNICA.

Abono Social é unha facilidade que ofrece Telefónica ás persoas maiores de 64 anos ou xubiladas por incapacidade laboral absoluta que consiste nunha **redución** do **30%** da cuota de **alta** da liña telefónica e do **95%** da **cuota mensual**. O coste das chamadas é o mesmo que para calquera outra persoa e non existe límite de consumo.

Requisitos

- Ser jubilado o pensionista (por incapacidad, viudedad, orfandad, etc.) y estar cobrando una pensión causada en el Régimen General u otros del Sistema de la Seguridad Social (no es necesario el requisito de edad mínima).
- Que o solicitante sexa o titular do teléfono.

- Que a instalación da línea beneficiaria do Abono Social coincida co empadronamento do titular e que este non dispoña doutro teléfono que se beneficie desta redución.
- Ingresos da unidade familiar non superiores ó límite establecido. Ten unha duración de 2 anos, transcorrido este tempo débese de solicitar de novo.

Información

O Información Telefónica : 1004

9.6. MRW. PLAN 2000.

Este Plan da empresa de mensaxería urxente MRW, consiste en que calquera persoa con algunha discapacidade, dispoña dun servizo gratuíto ó mes, tanto como destinatario ou receptor, sempre que presente o seu Certificado de Discapacidade. Dende e ata calquera lugar de Andorra, España, Xibraltar e Portugal.

Envío de ata 5 Kg e que a suma dos seus tres lados non exceda do metro e de 2 Kg para Baleares, Canarias, Ceuta e Melilla. Os impostos, arbitrios y prestacións complementarias non son gratuítos.

Información

O Teléfono de atención ó cliente de MRW: 902 300 400.

9.7. FAMILIA NUMEROSA.

Considérase Familia Numerosa a formada por:

- a. Un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns.
- b. Un ou dous ascendentes con dous fillos sempre que alomenos un deles teña unha discapacidade ou estea incapacitado para traballar.
- c. Dous ascendentes, cando ámbolos dous foran persoas con discapacidade ou, alomenos, un deles tivera unha discapacidade.
- d. O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se encontren baixo a súa dependencia económica aínda que non vivan no domicilio conxugal.
- e. Dous ou máis irmáns orfos de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan co titor, acolledor ou gardador, pero que non estean ás súas expensas.
- f. Tres ou máis irmáns orfos de pai e nai, maiores de 18 anos, ou dous, se un deles ten unha discapacidade, que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.

- g. O pai ou a nai con dous fillos, cando teña falecido o outro proxenitor.

Enténdese por persoa con discapacidade aquela cun grao de minusvalía igual ou superior ó 33% e por incapaz para traballar aquela persoa que teña reducida a súa capacidade de traballo nun grao equivalente ó da incapacidade permanente absoluta (inhabilita por completo ó traballador para toda profesión ou oficio) ou gran invalidez (precisa asistencia de outra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida diaria: vestirse, desprazarse, comer, ducharse...).

Requisitos

- Ser solteiros e menores de 21 anos, ou ter unha discapacidade ou estar incapacitados para traballar, calquera que fose a súa idade. Este límite de idade ampliarase ata os 25 anos cando cursen estudos.
- Convivir co ascendente/s.
- Dependere economicamente do/s ascendente/s.

Información

- 0 Servizos Sociais do Concello de residencia.
- 0 Delegacións Provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. (VER ANEXO II).

10. ANEXOS

ANEXO I. EQUIPOS DE VALORACIÓN E ORIENTACIÓN

SECCIÓNS DE CUALIFICACIÓNS E VALORACIÓN DE DISCAPACIDADE			
LOCALIDADE	ENDEREZO	TELÉFONOS	FAX
A CORUÑA	Edificio administrativo de Monelos. Praza Luis Seoane, s/n 15071	981 182 501	981 182 525
		981 182 502	
		981 182 503	
SANTIAGO	Praza de Europa, 10, 2º andar, Área Central (antiga sede do Instituto Galego de Consumo)	881 999 236	881 999 222
FERROL	Edificio administrativo Praza Camilo José Cela, s/n 15043	981 337 232	981 337 238
		981 337 234	
		981 337 235	
LUGO	Rúa Serra dos Ancares, 68 baixo 27003	982 227 811	982 225 509
		982 225 452	
OURENSE	Rúa Sáenz Díez, 33 32003	988 386 152	988 386 151
PONTEVEDRA	Rúa Cruz Vermella, 9 36002	986 844 740	986 863 025
VIGO	Rúa Conde de Torrecedeira, 99 baixo 36202	986 294 836	986 299 000
		986 294 229	

ANEXO II. DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA IGUALDADE E DO BENESTAR			
PROVINCIA	ENDEREZO	TELÉFONO	FAX
A CORUÑA	Enrique Mariñas, s/n 15009	981 185 771	981 185 701
LUGO	Rolda da Muralla, 70 27071	982 294 450	982 294 443
OURENSE	Camiño Prado Lonía, s/n 32872	988 386 147	988 386 087
PONTEVEDRA	R/ Concepción Arenal, 8 36201 Vigo	986 817 040	986 817 081

ANEXO III. DELEGACIÓNS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

LOCALIDADE	ENDEREZO	TELÉFONOS
A CORUÑA	Edif. Servicios Múltiples, 7º andar Rúa Salvador de Madariaga, s/n 15008 A Coruña	981 184701
LUGO	Ronda da Muralla, 70	982 294151
OURENSE	Concello, 11 32003 Ourense	988 386604 / 05
PONTEVEDRA	Avda. de Montero Ríos, s/n 36001 Pontevedra	986 805960

ANEXO IV. INSPECCIÓN MÉDICAS

LOCALIDADE	ENDEREZO	TELÉFONOS	CORREO ELECTRÓNICO
A CORUÑA	Duran Loriga, 3; 15003 – A Coruña	981 185 603	
SANTIAGO	Manuel Mugia 10; 15701 - Santiago	981 569 212	
FERROL	Plaza España 19, 20- 3ª plta.; 15402 Ferrol	981 311 192	
BURELA (Lugo)	R/ Eijo Garay s/n (centro saúde) - 27880 - Burela	982 581 406	
MONFORTE DE LEMOS (Lugo)	Paseo do Malecón s/n, 27400 – Monforte de Lemos	982 416 024	
OURENSE	Juan XXIII, 27-29; 32003 - Ourense	988 385 936	inspeccion.drpou@sergas.es
PONTEVEDRA	Avda. de Vigo, 16; 36003 Pontevedra	986 885 848	
VILAGARCÍA DE AROUSA	Avda. de la Marina 23 - Casa do Mar 1º; 36600 Vilagarcía de Arousa	986 506 386	
VIGO	Avda. García Barbón, 51; 36201 – Vigo Edif. Dirección Provincial	986 814 100	


ANEXO V. XEFATURAS DE TRÁFICO

LOCALIDADE	ENDEREZO	TELÉFONOS	FAX
A CORUÑA	Doctor Moragas, 10, C.P. 15071	981 288 377 - Información xeral: 060	981 288 077
SANTIAGO	Os Feáns 9B-9C. C.P. 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA	981 59 09 68 / 981 59 03 30 Información xeral: 060	981 59 08 28
LUGO	Avenida Ramón Ferreiro, 35, C.P. 27071	982 223 027 - Información xeral: 060	982 223 707
OURENSE	C/ SAENZ DIEZ 45, C.P. 32003	988 234 311 - Información xeral: 060	988 234 517
PONTEVEDRA	Joaquín Costa, 54, C.P. 36071	986 851 597 - Información xeral: 060	986 840 448
VIGO	Regueiro 15. (Vigo), C.P. 36211	986 414 046 / 047 - Información xeral: 060	986 413 085

ANEXO VI. TELÉFONOS DE INTERESE DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

	SERVIZOS CENTRAIS SANTIAGO DE COMPOSTELA	DELEGACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN FERROL	DELEGACIÓN PROVINCIAL LUGO	DELEGACIÓN PROVINCIAL OURENSE	DELEGACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA	SERVIZOS DE INFORMACIÓN VIGO
Información xeral sobre VIVENDA	981 54 19 82 902 10 00 54	981 18 23 47	981 33 71 61	982 29 46 02	988 38 62 68	986 80 56 10	986 80 56 10
Información sobre o PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER	981 56 85 08 981 56 85 09	981 28 71 32	981 35 85 28	982 25 54 01 982 25 54 21	988 51 15 74	986 80 52 83 986 80 52 84	986 48 57 46
Información sobre o REXISTRO DE DEMANDANTES DE VIVENDA PROTEXIDA	881 99 90 48	981 18 48 03		982 29 49 71	988 38 62 71 988 38 68 71		986 80 53 13

ANEXO VII. ORGANIGRAMA DE PARENTESCO.





ASEM GALICIA

Esta guía está subvencionada pola Diputación de Pontevedra. Área de Acción Social.



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
depontevedra.es

Colabora con ASEM GALICIA:



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR

ASOCIACIÓN GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES

SEDE VIGO
R/ Párroco José Otero nº 6 Baixo
36206 Vigo (Pontevedra)
Tlf: 986 378 001 / 698 140 728

DELEGACION CORUÑA
Centro García Sabell
Tlf. 981 240 988

www.asemgalicia.com asemgatrabajadorasocial@gmail.com